

CON VOZ DE MULLER



CON VOZ DE MULLER  
SAN CLAUDIO



Todas as imaxes antigas foron cecidas polas participantes de *Con voz de muller*.

Todas as imaxes actuais son autoría de Sara Vierna Fernández.

Todos os relatos son orixinais das participantes das sesións de traballo aínda que, nalgúns casos, foron traducidos de castelán a galego pero sempre mantendo moitas das expresións castelanizadas.

© Editorial:  
Deputación Provincial da Coruña  
Avenida Porto da Coruña, 2  
15003 A Coruña

Depósito Legal C 958 - 2019

Imprenta Provincial  
A Coruña, 2019

© do texto: Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz (Almas Meraki),

© da presente edición: Almas Meraki

Outubro, 2018

# CON VOZ DE MULLER

SAN CLAUDIO

Sara Vierna Fernández

Virginia Pañeda Sanz

**Centro de Información á Muller**

Concellería de Benestar Social e Igualdade

Concello de Ortigueira





Tan só é preciso abrir un libro de texto de calquera escola para ver que na meirande parte da historia o papel da muller permaneceu silenciado. O mundo construíuse desde un punto de vista patriarcal no que con frecuencia faltaban as voces femininas que relataran a súa visión da historia. Neste proxecto escoitamos as voces desas mulleres que nos narran a súa historia, que é parte da historia da terra de Ortigueira.

Contar con publicacións coma esta é imprescindible para evolucionar como pobo, para conseguir unha igualdade real entre mulleres e homes e, sobre todo, para coñecer unha parte fundamental da historia que permaneceu oculta moitos anos e que non podemos deixar no esquecemento. "Con voz de muller" permítenos escoitar as lembranzas das mulleres no concello de Ortigueira. Esta obra recompila historias que van desde a infancia ata a actualidade, acompañadas de fermosos recordos gráficos.

Este libro supón unha forma de redescubrir a historia de Ortigueira a través de contos e de anécdotas, de saber máis sobre as formas de vida do pasado dende o punto de vista feminino a través dos relatos e mulleres que o viviron en primeira persoa. Experiencias das que, estou seguro, todos e todas temos moito que aprender.

Desde a Deputación da Coruña queremos aplaudir esta iniciativa e agradecer a colaboración de todas as mulleres que participaron neste proxecto e que abriron o seu corazón e compartiron a memoria das súas vidas con todos aqueles que queremos escoitalas.

Valentín González Formoso  
*Presidente da Deputación da Coruña*



# SAÚDO DO ALCALDE

Como alcalde do Concello de Ortigueira, e concelleiro de Benestar Social e Igualdade, compráceme presentarvos esta publicación que forma parte do proxecto "Con voz de muller".

Con esta iniciativa, o que se pretende é recuperar o capital histórico das voces femininas, invisibles e desestimadas nos procesos de construción político social da súa parroquia.

Privar á historia das voces das mulleres é contar o mundo dende unha perspectiva sesgada, desigual e patriarcal. Polo tanto, fáiseme imprescindible agradecer e render unha homenaxe a cada unha das mulleres que aportaron o seu testemuño a este proxecto.

Espero que vos emocionedes ao lelo, que vexades a súa historia, as súas vidas, que poñades en valor cada detalle, tal e como o evocan, como se puideramos volver a ese instante do pasado, con todo o seu significado.

Desexo que a publicación vos provoque a curiosidade suficiente como para que a xente queira saber máis e que sirva de reflexo etnográfico para saber como era a vida e a sociedade nas nosas parroquias.

Despois de todo, estes son os olores, sabores, as imaxes e recordos das parroquias de Ortigueira contados a través das miradas e das voces das súas protagonistas indiscutibles: as mulleres.

**Juan Penabad Muras**

Alcalde do Concello de Ortigueira



# CAP. 1

# O PROXECTO

## A ORIXE

Hai anos que se veñen desenvolvendo nas parroquias do Concello de Ortigueira obradoiros de memoria, dentro do Programa de Dinamización Sociocomunitaria, promovido pola traballadora social do concello, Mercedes Regueira Vale. As mulleres participantes que teñen entre sesenta e sete e noventa e un anos, traballan as lembranzas e o esquecemento das súas historias e van contando de relato en relato a súa vida, as súas experiencias e anécdotas que están unidas a unha terra, a un lugar e á vida da súa parroquia.

Ao escoitar todas estas historias pensamos que sería necesario mantelas, gardalas, recompilalas dalgunha maneira e que non caeran no esquecemento.

Con ese espírito nace este proxecto que chamamos "Con voz de muller".

Crear un espazo, contar a túa historia, a túa vida, en si mesmo é terapéutico. Un espazo para autonarrarte, autosentirte e autocoñecerte pero tamén para que o resto poida entenderte, recoñecerte.

As mulleres estiveron durante milenios relegadas da transcendencia histórica. A igualdade no século XXI pasa por poñer en valor todas as achegas das mulleres, das nosas antepasadas. Este recoñecemento faise imprescindible. Por unha banda, como homenaxe e dignificación a todas esas vidas en feminino, invisibilizadas inxustamente e, pola outra para que as mozas de hoxe se pensen, se subxectivicen como seres con axencia e non pasivas ao devir da historia. Parafraseando á mestra, Marcela Lagarde, "só cando as mulleres coñecemos, con sentido de descubrimento, ás mulleres próximas da nosa historia e a nosa xenealoxía, podemos xerar procesos de empoderamento simbólicos e recoñecernos e identificarnos con devanceiras concretas".

Neste proxecto con diferentes mulleres rurais no Concello de Ortigueira quixemos facer un traballo de autoconciencia colectiva, recoller as súas historias de vida, mergullarnos entre as súas narrativas e recuperar as súas achegas e posicionalas finalmente onde se merecen. En definitiva, trátase de reescribir a Historia destas parroquias a través da historia das súas mulleres.

Os **obxectivos** que perseguimos con esta iniciativa foron o de crear un espazo de empoderamento para as mulleres a través da reflexión e a indagación das súas propias historias de vida, o de recuperar a memoria das mulleres, o de pór en valor o seu legado e dignificar a contribución e a presenza das mulleres á comunidade local.

O proxecto foi executado a través de **catro sesións** que duraron entre dúas e dúas horas e media a modo de obradoiro. A través destas reunións coas mulleres de cada parroquia emprendemos unha viaxe desde a nenez ata



a súa vida actual, recoñecendo os feitos e vivencias que definen a estas mulleres na actualidade. Falaron dos espazos que ocupaban, das actividades ás que se adicaban, dos aspectos da súa contorna nos que estas mulleres foron axentes de cambio.

Tamén houbo **outras actividades** como a recollida de fotografías, cartas, obxectos, ademais dunha ruta polos lugares máis senlleiros para elas.

Esta publicación que tes nas túas mans é un relato que une os testemuños das mulleres participantes nas sesións da parroquia de San Claudio.

Faláronse de moitas máis historias das que aquí se recollen e hai moitos máis testemuños que quedarán no noso recordo que pola a súa intimidade e carga emocional, quedarán só na lembranza das presentes.

No texto intentouse respectar as súas expresións e os seus testemuños de maneira literal, como elas nolo contaron. Algunhas palabras traídas da emigración, expresións diferentes dependendo das parroquias, tamén compoñen o groso das súas historias de vida.

Pero esta publicación é moito máis cunha compilación de historias de vida, é un exemplo de loita, de dedicación, de esforzo, de paciencia, de entrega, de valor e de crecemento de todas estas mulleres.

Para este proxecto contouse con Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz, da entidade Almas Meraki. Elas foron as facilitadoras das sesións de grupo de cada parroquia acompañadas de Rocío Blanco e Ana Dopico do Centro de Información á Muller. Ademais, Almas Meraki

escribe e dálle forma ao proxecto "Con voz de muller", contando coa colaboración de Rosa Loureiro, filóloga galega, que fixo as correccións lingüísticas oportunas.

O noso agradecemento a Pura, Mari Carmen, Cañi (Celia), Teresa, Carmen Doce, Consuelo, Carmen Rey, Fina, Carmen Martínez e Pilar da parroquia San Claudio.

Agradecementos por adicarnos o seu tempo, pola súa xenerosidade, honestidade e valentía para narrar as súas biografías como mulleres.

# CAP. 2

## O ENCONTRO

Non existe a certeza de como se dará o encontro, tan só sabemos que queremos escoitar as súas historias, a intención de honrar a memoria a través dos recordos, etapas vitais, viaxes, encontros e desencontros. As mulleres de San Claudio coñécense, moitas conviviron nesta parroquia dende que naceron, outras chegaron para quedar hai xa moito tempo. Coñécense e, entre un aire de confianza e complicidade, os pequenos detalles das

súas vivencias que aquí van desvelando son, sen dúbida, un capítulo aberto na biografía comunitaria. **Pura, Mari Carmen, Cañi (Celia), Teresa, Carmen Doce, Consuelo, Carmen Rey, Fina, Carmen Martínez e Pilar.** Comeza o relato desta viaxe a San Claudio a través da voz das súas mulleres.





# CAP. 3

## O LUGAR

EU VOUME AO ALTO DA MIÑA LEIRA E  
PÓÑOME A MIRAR A RÍA E CÁEME A BABA,  
É QUE NON HAI SITIO MÁIS BONITO

DESCUBRINDO SAN CLAUDIO A TRAVÉS DA MIRADA DAS SÚAS  
MULLERES

A feira, a casa do médico, a botica, o cine, o salón de baile, varios mesóns onde traballaron por exemplo, Fina que servía as mesas e facía moita propina ou Carmen Rey e Carmen Doce que fregaban os vasos e os pratos. É innegable que San Claudio era unha localidade referente no seu contexto.

Segundo documentos históricos sobre o municipio de Ortigueira, San Claudio sitúase como a parroquia coa actividade agropecuaria máis próspera e unha das maiores en poboación da zona.

*Antes non se plantaban maciñeiras porque se traballaba toda a terra, non podías aforrar un anaco de terra para ter maciñeiras. Coméntannos durante a ruta.*

Nesta localidade acollíase o terceiro domingo de cada mes a feira máis importante do Ortegal creada segundo Anxo Rosende (1999) pola Cédula de Enrique de

Trastámara no ano 1405.

Elas fan múltiples alusións a este tipo de patrimonio sociocultural. No paseo que percorremos con elas durante a nosa última sesión puideron ensinarnos con orgullo o esplendor o lugar e a importancia desta celebración. Afirmaron que San Claudio tivo a primeira báscula de pesar gando do norte da provincia da Coruña. A medida que camiñabamos observamos como algunhas casetas aínda seguen en pé, aínda que afectadas polo paso do tempo. Entre o rebumbio de coches pasando e o das súas voces superpostas explícanos onde estaba cada un dos "comercios", algúns ambulantes coma o de Pilar, outros permanentes como o de Consuelo. Falan sobre as casetas de madeira con tarimas que caeron e salientan o apego aos días de feira cando case cada casa se puña a servir comidas, como se de tabernas se tratasen.

*As casas de comida atendíaas a familia porque daquela non se traballaba fóra, por iso os días das feiras poñías alí unha carne asada, uns callos, viño clarete.*

**Todas**

Éranos difícil atendelas con tanta axitación, desbordaban pillería e satisfacción en cada anécdota narrada.

*Tamén traían ás porcas para preñalas. Dícíannos: "veña, vádevos por aí" Non nos deixaban ver como o facían. Todas*

*Ás sete viñan os pañeros, cuns fardos na cabeza, a vender teas para facer vestidos, mantas, sabas, viñan de Carballo e de León. Todas*

Un dos motivos que destinguen a San Claudio doutras



parroquias é a gran presenza de casas de indianos repartidas por toda a súa extensión, factor que nos traslada á emigración das súas xentes cara a América. De igual forma o escolar, onde nos reunimos en cada unha das sesións, foi mandado construír nos anos vinte pola Sociedade de Instrución, Recreo e Auxilio mutuo de "San Claudio" fundada en Cuba.

Durante o paseo Pilar sinálanos unha desas casas e cóntanos que era unha edificación preciosa, non só por fóra (que xa o viamos) senón tamén por dentro. Había butacas, un pasamáns longuíssimo, unha escaleira, espellos en cada cuarto de baño.

*Foi a casa do meu padriño, emigrou a Cuba. As miñas fotos, cando mas facían, eran aquí nesta casa. Pilar*

Ademais destas construcións, San Claudio tamén ten varias casas fidalgas que nos ensinaron no noso percorrido. O Pazo de Barreiros, unha casa con escudo heráldico da curmá de Pilar, a casa dos Romero e a das

"Señoritas de Grañeiro" entre outras.

Camiñando en compañía delas tes a sensación de que inscribiron na memoria dos camiños, das árbores, dos muros as súas vivencias. Preguntámonos como sería se as mulleres tivesen a oportunidade de entrar nas decisións sobre o lugar, habería tal vez máis espazos de encontro, os lavadoiros serían como os coñecemos? Imaxinar de que forma transformarían os seus espazos fainos reflexionar en torno da importancia que para as súas vidas tiveron as decisións sobre o seu contexto urbanístico.

Preguntámoslles sobre a súa identidade unida ao local. Que tiña San Claudio de especial para elas?

*Para min é moi importante porque aquí naceron os meus pais, os meus avós, os meus bisavós, aquí nacín eu, os meus irmáns e os meus fillos. Aquí casei. Vivín a miña vida sempre, a xente encántame. Eu tiveron un negocio 30 anos case e estou moi agradecida a todo o mundo. Aquí*

teño todos os meus recordos. É un lugar moi bonito, onde queira que te poñas é precioso, o mesmo no alto que na ribeira. **Cañi**

Eu voume ao alto da miña leira e póño-me a mirar á Ría e cáeme a baba. É que non hai sitio máis bonito. Aquí naceron os meus bisavós, o meu bisavó por parte de pai fixo a torre da Igrexa e o bispado regaloulle unha parcela para facer un panteón familiar. **Pilar**

Aquí naceron os meus pais, os meus irmáns, aquí nacín eu, non saín de San Claudio e aquí estou ata que me manden para outro sitio. **M<sup>a</sup> Carmen Villar**

Porque francamente crieime aquí, fun á escola aquí e gústame todo aquí, non boto de menos nada doutro sitio. Gústame todo, e gustábame máis antes cando estaba máis coidado. É como unha muller que é guapa, aínda que non se pinte é guapa o mesmo. Non hai persoa que veña de vacacións e non volva. **Consuelo**

Eu como estiven en tantos sitios, pero ao final vin que era ou meu sitio, onde nacín. **Carmen Doce**

A ver, o que dicimos todas, estamos contentas, é onde nacemos, é unha parroquia moi tranquila. A xente é amable, todo o mundo nos levamos ben. Non hai moita cháchara hoxe, a xente métese moito cada un na súa casa pero é un sitio tranquilo, vas a calquera sitio e a xente acóllete na súa casa. **Carmen Martínez**

Concluímos a nosa conversa en torno a San Claudio, recollendo o seu descontento sobre o exceso de eucaliptos que hai nas zonas altas de San Claudio. Antes eran todo terras traballadas, agora tápanlles as vistas. Necesitan expresalo.





# CAP. 4

## A INFANCIA

Comezamos polo principio, redescubrir as infancias de cada unha destas mulleres convértese nun encontro onde conviven a tenrura e a amargura dos tempos pasados. Se cadra o que máis nos asombra é testemuñar a súa capacidade para recordar esta etapa cun detalle extraordinario, como se puideran volver percorrer eses camiños que as levaban diariamente á escola. Nesta etapa móstrase con claridade toda a súa enerxía vital, o seu pulo por explorar e por comprender o mundo no que lles tocou medrar. E nesa aventura da infancia xa se abre unha fenda por ter nacido nenas, o xénero atravesando a traxectoria que se debuxa ante ti.

### SE VOS ACORDADES DOUTROS TEMPOS NON ERAN MALOS, ERAN MALÍSIMOS SOBRE TODO HABENDO SEIS FILLOS E POCOS RECURSOS

#### AS ORIXES

Non hai nin unha brecha, non hai dúbida sobre as súas orixes, todo o contrario, hai un espazo firme e fermoso dentro delas para honralas. As mulleres de San Claudio teñen moi claro de onde veñen coma se esa Historia, ese relato de orixe fora parte fundamental

da súa esencia. Ao mesmo tempo descubrimos que cada unha ten o seu percorrido único, diferentes procedencias cun mesmo punto de encontro.

*Eramos catro pequenas, fomos criadas polas miñas irmás maiores, todas nenas menos dous nenos, eramos sete mulleres. Acórdome que os meus irmáns fóronse casando, foise a muller que nos coidaba a Venezuela. A miña miña nai tiña unha taberna pero vivía alí e comía alí, e nós noutra casa cos meus irmáns e a miña nai cando foi xunto de nós eu tiña 10 anos. Carmen Rey*

*O meu ten tea. Son orfa de pai e nai, ao meu pai matárono o día que enterraron á miña nai. Prenderon ao meu pai, matárono en Foz. Vivimos cunhas tías avoas. Eu emigrei da provincia de Lugo a San Claudio aos 3 anos, cando mataron os meus pais. Consuelo*

*Nacín na Ponte de Mera, levo aquí case sesenta anos. Iso da infancia, uns recordos máis ben tristes da posguerra, eramos moi pobres, pasouse malisimamente mal. Quéixanse agora que sae por unha billa augha quente e augha fría, levan os móbiles no peto, Acórdome de ir a por cubos de auga a sitios moi empinados e agora pensan que foi sempre así, (...) se vos acordades doutros tempos non eran malos, eran malísimos sobre todo habendo seis fillos e poucos recursos. Pura*

Eran moitos os fogares nos que había limitacións de espazo e recursos, e asemade esta carencia equilibrábase coa convivencia familiar como eixo que lles daba unha estabilidade sobre a que medrar e madurar dende pequenas. En moitos casos era a familia extensa a que supuña o maior apoio para elas, apelando a un concepto de crianza moito máis amplo no que avós e avoas, tías, veciñas, veciños e persoas próximas se convertían en figuras clave nesas idades.

Eu acórdome da nenez pero tiven unha nenez bastante dura. Mira eu xa aos doce anos me fun da casa, sacáronme da escola e o meu pai foime levar a unha casa a Senra a traballar porque os meus pais non tiñan onde deitarnos. Eramos nove. Durmiamos dous á cabeceira, ás veces cinco na mesma cama. E papá díxolle ao señor Alfredo: "mira, véñovola traer" "canto lle habemos dar?" "nada, coidádesma como se fora a vosa filla. Traíovola porque non teño nin onde deitala" **Fina**

A miña casa fixérona cando eu nacín, non era grande. Tiña unha habitación pero como a sala era pequena quitaron a habitación e fixeron todo sala. E despois había dúas habitacións, nunha había dúas camas e na outra había unha. Deixaron un sitio para facer o cuarto de baño pero nunca se fixo. Tiña unha cociña económica, a metade do chan da cociña era de madeira porque aí ían os homes xogar a partida e tal e a parte da cociña era cemento. Nesa casa eramos oito, na habitación dos meus pais había dúas camas, unha cama grande na que durmían eles e despois outra. Eu acórdome que despois había unha señora que non nos era parente pero coa que miña nai tivo sempre moita amizade e miña irmá e mais eu fumos durmir con ela ata que tiñamos quince anos. Chamábase Bernarda. **Teresa**

Nacín en San Claudio, criéime aquí, estiven aquí nesta escola. A miña casa era moi baixiña, (...) na mesma casa estaban as cuadras e o váter era unha táboa cun buraco que daba á cuadra. Entón unhas veciñas que tiñan os irmáns en Cuba e tiñan unha casa moi ben preparada dicían "ai Deus meu, esta casiña parece o Portal do Belén". (...) Eu ía durmir todas as noites á casa dunhas curmás do meu pai que o criaran, ceaba na casa dos meus pais e despois o meu pai levábame ás "calabeiroas" (levar ás costas) á casa das miñas tías, e eu tapábame cunha carpa. Acórdome que cantaba a

curuxa e o meu pai dicíame "curuxa noiteira, malladores á eira". Pois eu despois pola mañá ía para a casa dos meus pais para almorzar. Gustábame máis a casa das miñas tías porque era máis nova, había un lavabo, un váter, non había auga iso si, a auga levábana nun cubo. Para ducharse lavabámonos nunha tina. **Pilar**

## O PRIMEIRO XOGUETE QUE TIVEN NA MIÑA VIDA FOI UNHA BONECA DE TRAPO QUE FIXEN EU

### XOGANDO COA IMAXINACIÓN

Eran así, nenas e xogadoras incansables. A escaseza no material desafiábaas, neste caso, con outras diversas formas de vivir o universo do divertimento. O relato enfróntanos cunha barreira propia: que sucede cando comprendes que a imaxinación é infinita? As posibilidades ábrense e danlles alas para convertelas en auténticas mestras do xogo...e o xogo, en si mesmo, vólvese para cada unha delas un espazo de aprendizaxe, de liberdade e de expresividade.

Nós xogabamos ao redor da casa porque a casa tiña unha parede(...) entós alí facíamos a tenda. Alí pola horta había barro, facíamos buratos, facíamos un forno, e íbamos ao pescado. O pescado era que íbamos ás verzas e dábamoslles pa baixo pa crebalas e aquel era o pescado(...) e despois tiña unha bicicleta de madeira. **Teresa**

Inventabamos as cociniñas e despois xoguei moito cunha boneca que abría os ollos e os pechaba. Era unha novidade e tiña pelo e un vestido precioso. **Cañi**



En moitas das súas casas non había xoguetes. Así o contan algunhas das mulleres pero non dende a pesadume que podía significar iso, senón dende as diferentes alternativas que eran capaces de inventar para recrear outros mundos, outras experiencias. A imaxinación non ten límites, é infinda.

*Eu xoguete non tiven ningún, a verdade é que non. Non había posibles, entós que facíamos? Colliamos unha espiga do maízo, facíamoslles as trencitas e así, coas espigas aprendín a facerlles ás nenas porque aprendín a peinalas, cousa que eu non teño (nenas) pero teño sobriños, fillos de sobriños, teño unha recua, iso é. Enas bicicletas esas de madeira non nos matamos porque eramos de goma. Mari Carmen Villar*

*Pois eu de bonecas nin de xoguetes non me acordo, pero facíamos cuns cordóns os "eses" do maízo. Atabámoslos con cordóns e entón eran vacas e ovellas e xogabamos con eles así correndo ou ás tendas. Os cacharritos eran os pedaciños que rompían dun prato ou dun vaso, ou os papeis dos caramelos, todo iso era ao que xogabamos.*

**Fina**



*Eu de xoguetes nin de bonecas nada de nada. Eramos seis irmáns, dous mozos e catro mozas e o único que lembro da infancia, de moi nena é que eles dormían nunha habitación e nós noutra. As portas non debían pechar moi ben, xogabamos todas as noites "a arte villarte", era un xogo que había, tiña un truco (...) Todas as noites, as nenas e mais os nenos xogabamos. Desde logo de xoguetes, nada de nada. Pura*

Non dubidan en expresar abertamente o vencello que creaban con ese xoguete especial, o preferido, e o coidado co que o trataban, humanizando os seus

atributos nunha viaxe imaxinaria.

Xoguetes lembro un, non recordo se foi o meu padriño se foi o meu pai pero creo que foi o meu pai o que me trouxo unha boneca de cartón. Eu fun pá fonte e funa lavar, era cartón e desfíxoseme O que eu chorei ninguén o sabe, o meu pai díxome "é ou último regalo porque me costou moito traercho". **Carmen Rey**

Ás caixas das plumas (de escribir), faciámoslles a cama, a pluma quedaba alí descansando ata que lle tocara metela na tinta e escribir. Eu tiña unha boneca de cartón, tiña os ollos pintados e as pestanas para arriba. Como a vida era tan pobre, cada ano os Reis traíanlles uns vestidos. O ano enteiro tiñamos o ese de que nos ían vestir Os Reis as bonecas, eramos dúas irmás. A miña irmá e eu tiñamos a sorte de que tiñamos tres casas ou catro para Os Reis, nunha traían figos, pasas e un ano trouxéronnos unhas cociñas para cociñar co seu prato, o seu vaso, con tan boa sorte que eran de lata e non rompían, aí pero aquelas cociñas miña filla! estaban buuuu como as copas do Barcelona. **Consuelo**

Da imaxinación á creatividade feita realidade, os xoguetes foron tamén a oportunidade de aprender a facer as súas primeiras creacións propias como bonecas e roupa para elas.

Eu, á parte de xogar como moitas aos cacharritos, aproveitabamos se rompía un prato con flores, o cu dunha cunca valía como unha pota, pisabamos tella para facer pemento. Eu soamente tiveron unha boneca que me trouxo unha tía que estaba en Madrid e era un boneco que era de sentar na mesa pero claro, eu quería unha nena, entón nin había trapitos para facerlle vestidos. A min sempre me gustou coser, de feito eu aprendín a

coser e xa de pequena lle facía saias longas ao boneco pa taparlle as perna. A louza é fría e eu acariñaábao e quentábao e dábame tanta pena porque non entraba en calor, dábame pena e tapábao. **Carmen Martínez**

O primeiro xoguete que tiveron na miña vida foi unha boneca de trapo que fixen eu. Como me gustaba tanto coser fixen unha boneca de trapo lindísima e facíalle vestidos coas sabas que tiña a miña nai para arranxar, para remendar. Viña a costureira e non aparecían as sabas, porque eu xa as tiña escondidas para a boneca (...) eu vestía á boneca cos vestidos, os pañais e as camisetas dos meus irmáns e logo facía que lavaba. Puxen un cordel na miña casa dun lado a outro e tendía a roupa das bonecas porque como me deixaban encerrada na casa cos meus irmáns, eu tiña que xogar! **Carmen Doce**

Non faltaron as historias nas que recordaron a súa fe nos Reis Magos, ano tras ano, ata que a curiosidade ou a casualidade desvelou o segredo.

Acórdome que nos trouxeron unhas huchas. A miña era como unha laranxa cunhas folliñas, preciosa, cunha rañura para os aforros pero, de onde virían os aforros preguntabámonos? (...) e despois tivemos unha boneca que nos trouxo unha tía, unha boneca pa dúas, resulta que levaba un vestido precioso que aínda llo vexo, (...), pechaba os ollos, abríaos, deitábase, dicía "mamá". Aquela ditosa boneca tivémola o día de Reis pero a partir dese día xa desaparecía a boneca e a miña nai dicía " pois viñéronvola buscar os Reis porque a boneca non está". Ao ano seguinte aparecía a mesma boneca, volvíamos estar un día con ela, así varios anos. Despois cando xa fun un pouquiño máis maior, había un armario antiquísimo e eu subínme porque a miña nai arriba poñía as colchas de trapo, algunha manta... mirei detrás a ver que había detrás, a

*boneca!, nin Reis nin historias, a partir de aí xa souben o que era, tería sete ou oito anos. Pilar*

## **MIÑA NAI MARCABA O BOLO CUNHA RAIA PARA QUE NON FORAMOS AO PAN**

**RECORDOS E ANÉCDOTAS DA NENEZ, OS OLORES, A COMIDA E O FOGAR**

Hai un montón de pequenos relatos da súa infancia, de anécdotas que se entrelazan porque un recordo evoca o seguinte e porque estas mulleres son capaces de traer ao presente co detalle preciso, brillante, o que sucedeu e o que a memoria quere recordar. Apelamos aos seus sentidos para viaxar ao pasado, xogamos con obxectos para comprender dende o simbólico e abrir o espazo no que as historias se despregan por si soas.

Os olores son sempre unha porta ao pasado, as experiencias que revivimos con tanta exquisitez que poderían ser reais.

*Da menta, acórdome moito cando tiña que ir pastar ás vacas que nos campos as vacas non a comían pero pisábana e ese cheiro quedaba ou cando cortabamos a herba que non a recollíamos porque os animais non a comían pero daba un cheiro tan rico. Carmen Martínez*

*O cheiro que teño da infancia era ir á casa dos meus avós e era a café porque sempre había café, á hora que chegaras cheiraba a café. Cañi*

*O meu recordo por exemplo, de pequena, é que iamos mondar o trigo e as amapolas, cando collía unha amapola*

*aquel cheiro... Mondábamos e saían polo medio do trigo, tiñamos que quitálas pa levar pa os animais. Carmen Rey*

*Eu recordo xustamente o que contaba Carme, referente á menta. Eu ía coa miña avoa, ela ía pastar á vaca, os domingos pola tarde que era o día que podía ir á casa da miña avoa (...) e había precisamente esa planta. Pilar*

Viaxando polos sentidos chegamos tamén ao padal, a aquilo do que se alimentaban cada día. As patacas, o pan e o caldo eran fundamentais na súa rutina alimentaria e a través das súas palabras chéganos con forza a importancia da comida como herdanza e tradición nas súas infancias.

*Caldo e se non chegaba, á noite aumentábano con auga, cun pouco de pan duro, chamabámoslle "papas pegas", botábanlle unha parte de fariña. Á cea un platiño cada un. O pan atábano a unha táboa alta á que non chegabamos, e a miña nai marcaba o bolo cunha raia para que non fôsemos ao pan. Fina*

*Ás veces caldo, detrás sempre había algo, un guiso, tortilla, ovos, e matabamos tamén un porco ou dous, os chourizos metíanse en calceta, en graxa ou en aceite, e íanse comendo. Consuelo*

*No inverno, cando cociamos o pan, facíanse empanadas. Botábase a desalar o xurelo, picábase cebola e facíase o sofrito e facíase empanada con fariña de millo. Nas casas onde se traballaba a terra sempre había algo para comer. Carmen Martínez*

Nesta época a xeografía condicionaba a alimentación de cada fogar, por iso nos relatan como os metros que separaban as zonas fértiles de terra da Ría eran determinantes no tipo de alimentos que tomaban na súas casas.

Na miña casa era todo diferente, eu do caldo acórdome pouco. Na miña casa todos os días moitísimo peixe porque tiña dous irmáns e como traballo non había, todo era da labranza e tal, tiñan moito tempo libre. Había o río en Mera e había troitas e había munxes e mira eses nenos se discorreron que no río, por onde era mais estreito, os meus irmaos puxeron unhas pedras, pedras e mais pedras deixando unha fenda. Naquela fenda poñían unha trampiña e entón traían cubos de peixe, non estaba tan controlado eh. Comiamos o peixe sen pan (porque non tiñamos). **Pura**

Na miña casa pescadiño sempre, o meu irmán ía todos os días aí, á Ría, para coller sollas, traíaas sempre. **Mari Carmen Villar**

Ante a pregunta de cal era o día mais esperado do ano nos seus fogares a conversa tórnase directamente aos encontros nos que se unían familia e comida porque nas súas infancia a vida celebrábase en torno á mesa. Ás veces con máis variedade para o gusto e outras coas limitacións de cada casa.

Eu o día de Noiteboa porque bueno, había sempre comida na miña casa pero ese día celebrábase e comiamos turrón que nos mandaba a tía Josefa e os mazapanes. O día do patrón na miña casa comíase a coliflor con bacallau, e o pito que criabamos na casa. **Pilar**

Esos anos eran moi difíciles para facer comida. No

patrón a miña nai facía unha empanada, unha compota, un pito se cadra pero se quedaba pa mañá tamén se repartía. Na miña casa todos os anos mataban un porco ou se cadra dous. **Teresa**

Eu acórdome que cando a marea subía viña un barco e un día de Noiteboa fomos de noite cando había marea, eu viña cunha tía miña cunhas cestas e levabamos o chicharrón grande, limpábase, salgábase e logo colgábase como bacallau. **Carmen Martínez**

A festa do patrón porque aquel día había comida e algún dulce, os mozos. **Pura**

A min non me gustaba (Noiteboa) porque como non había turrón e faciamos que partiamos a barra de turrón. É por iso nunca me gustou, se cadra vía á veciña que partía o turrón e nós faciamos que partiamos o turrón pero non o había. Eu do día do patrón acórdome que me gustaba porque comía o chourizo. **Carmen Doce**

Un dos elementos que sobresaen nas súas biografías é a diferenza de clase, condición que traspasaba todas as súas vivencias dende ben pequenas. Pura verbalízao con claridade. A súa conciencia de clase acompañaas nas súas lembranzas como unha constante inseparable e lúcida porque é a voz de todas as familias que estaban nesa mesma posición social.

Da infancia si teño moi bos recordos, iamos ao Pazo do Souto Chovía sempre e non tiñamos calzado. Íamos por ir á capela para rezar o rosario. Dona Blanca, a señora do pazo, rifábanos unha bufandiña que se cadraba xa estaba algo apolillada ou unha pulseirita aínda que estivera oxidada. Naquel entón nin unha bufandiña tiñamos, iamos con esa ilusión, con que ao final do rosario dona

Blanca compracía aos nenos, tiña a capela a rebordar porque estaba chea de nenas e nenos. Ai Dona Blanca como cantaba!, eu por oíla cantar e tamén pola pulseirita ou pola bufanda ou polo que fose iba sempre. **Pura**

## HAI ROUPAS TENDIDAS

### A INFANCIA DAS NENAS, APRENDENDO O SEU ROL

A Galicia dos anos trinta e corenta estaba tamén inmersa nos parámetros do patriarcado, por iso elas foron educadas para ser nenas e máis tarde mulleres, para ocuparse da casa e dos coidados dende ben cedo. O libriño da sección feminina sérvenos para abrir a porta a este diálogo. Cóntano con dignidade, coa dagnidade que lles dá o feito de ter atravesado esas limitacións, esas dificultades.

Había un dito, unha expresión local. Cando había xente maior e nenas dicíase "hai roupas tendidas", como dicir, "non se pode falar diso" no canto de dicir hai nenas diante. **Pura**

En cada familia había unhas regras que se aplicaban claro, ás nenas e aos nenos. Elas sabían, sabían que o seu rol como nenas primeiro e como mulleres implicaba unhas diferenzas.

As nenas tiñan que fregar no vertedeiro, varrer, facer as camas, axudar a lavar e pasar o ferro, aprender os traballos das mulleres. Na miña casa tampouco houbo iso (diferenzas de xénero) porque nos criamos con dúas tías. **Consuelo**

Os nenos tiñan os seus traballos, se non xa os trataban de "maricas". Os nenos non podían tender roupa por exemplo. **Pura**

Non nos deixaban ir xogar cos nenos. **Carmen Doce**

Con todo, aparecen con facilidade recordos que proban de que forma elas intentan rebelarse contra estas limitacións e buscaban a forma de seguir o seu impulso propio e auténtico, a pesar de ser nenas.

O meu irmán e eu íamos con tacos de leña e serrín ás carozas, as plantas dos piñeiros sabes? e subiamos aos piñeiros cun gancho e tirabamos e caían, logo iamos ao toxo para botar ás vacas para ter esterco. Quen subía ás árbores? Carmen. Era a única que era "pirica", subía a todo, era tremenda. **Carmen Rey**

Eu quería ir traballar, gañar diñeiro para poder ter para min para saír. O meu pai nunca nos deixou, xamais na vida, "as nenas non porque se van as nenas por aí a saber como veñen, porque che hai moita cousa" e nunca nos deixaron, aí estaba a diferenza, dicía a miña nai "Os nenos non traen nada pá casa e as nenas si". O que se saía e nada todo era un, o mozo podía vir cando quixera e ninguén o interrompía, as nenas con horario, e saber onde ían. **Pilar**



AOS DOCE SACÁRONME PORQUE TIÑA QUE IR APRENDER COSER PORQUE DESPOIS DICÍAN QUE EMPEZABA A PENSAR NOS MOZOS E XA NON ÍA APRENDER A COSER

## A ESCOLA DA VIDA

Ás veces son cousas pequenas como aprender a se anoar os zapatos ou cancións para harmonizar a túa infancia... outras son ensinanzas inestimables como aprender a ler, a calcetar ou a escoitar o vento, alindar as vacas. O certo é que son aprendizaxes que as acompañan e as definen como as persoas que son hoxe. Unha das persoas que está máis presente nas conversas é Josefa Cornide Pita, unha muller referente en San Claudio. Josefa ensinou a coser a moitas xeracións da parroquia. Ela aprendera en Ferrol con María Antonia "de Francés", ao morrer ela seguiu a súa irmá ensinando. Foron catro irmás, todas solteiras, non tiñan fillos e os irmáns casaron todos. Cañi recorda que "chegabas á súa casa polas tardes e ulía a café e a manteiga, tiñan cociña de leña que non a había en todas as casas Entón asaban mazás no forno e a cociña daba un olor tan especial".

As idades entre as que foron á escola as mulleres de San Claudio varían dependendo das circunstancias da familia. Ir á escola supuña en moitos casos camiñar quilómetros cada día, pola mañá e pola tarde, a pesar do clima. O ritmo marcábano as necesidades familiares, en moitos casos, a escola era un refuxio para non estar soas, porque seus pais e súas nais traballaban todo o día.

*Na miña casa fomos todos á escola, catro nenas e dous*



*nenos. Eu fun á escola ata os quince. Teresa*

*Eu fun á escola aos catro anos, (...) entón había que ir, como era orfa, eu de escola, podería ser de maxistrada para arriba. Consuelo*

*Estiven na casa do señor Alfredo e a señora Leonor e el era profesor. Entón poñíame clases ás noites. Fina*

*Aprendín a ler e escribir aquí, no escolar, coa famosa Dona Cándida que era unha señora moi maior, daquela non se xubilaba ninguén, xubilábanse cando xa non podían, viña catro veces ao día e no inverno que había lama. Vin ata os catorce anos, nun piso estaban os nenos e as nenas noutro. Carmen Martínez*

*A miña irmá ía pola mañá e eu tiña que ir pola tarde, Alternabámonos. Pola tarde non me gustaba ir porque*



tiña que dar a lección soa e pola mañá dabámola todas xuntas. E entón estudaba a pregunta que me tocaba, e as outras xa non as estudaba. Empecei con nove anos aquí no colexio. Ata os nove anos fun á escola dunha señora, Eugenia Balseiro. Miña nai metíame alí todo o día para ela poder ir traballar, ensinoume a ler e a escribir. Aos doce sacáronme porque tiña que ir aprender a coser porque despois dicían que empezaba a pensar nos mozos e xa non ía aprender a coser. **Carmen Doce**

Pero as mestras non estaban só dentro da escola, durante a súa infancia houbo diferentes mulleres que se converteron en referentes para elas, ofrecendo coñecementos e destrezas con paciencia e presenza.

Eu apendín cunha señora que non me era nada. Pilar Martínez de " Viladenera". Foi a que me ensinou a ler porque eu era ruda como unha pedra e ten chorado comigo e dicíame "Consuelo dasme moita lástima" (...) Eu aprendía de memoria. E se non é ela, non sei. Ensinoume a coser, a calcetar, eu non fun modista porque non quixen porque ela era unha modista estupenda (...). Pilar era única, única. **Consuelo**

Dicía miña nai "o que se aprende con babas non se esquece con canas". **Pura**

Cóntannos tamén que había formas de aprender, tantos saberes como persoas, o importante, se cadra, era ser autónomas, ser quen de desempeñar un labor que lles servira para desenvolverte na vida.

A miña avoa non sabía nin ler nin escribir pero botaba unha conta cando se vendía un tenreiro, dicíanlle a ollo canto podía valer (...) viñan os tratantes (...)

os homes collían o lapis e a miña avoa dicía que ela que non sabía nin ler nin escribir só poñía o seu nome porque sabía que aqueles garabatos poñía Carmen Alonso. Ela dicía: " se pesa tanto, vale tanto" ela botaba as contas na súa mente tendo en conta o prezo do quilo.

**Carmen Martínez**

Eu acórdome dunha tía da miña nai que vivía connosco e a la das ovellas lavábaa, cardábaa, fiábaa e eu acórdome que a min ensinábame a calcetar claro, os calcetíns (...) **Carmen Rey**

Naqueles tempos moita xente aprendía a coser porque había que botar os remendos e darlle volta ás camisas, etc. (...) a vida naqueles tempos era unha vida moi axustada, non había diñeiro. **Carmen Martínez**

E xa que as aulas eran non mixtas, no patio da escola, como na vida, aprenden pronto a necesidade de negociar como se ocupan os espazos públicos. Así nos conta Pilar como as nenas fixeron as "súa pequena revolución" para poder ter o seu propio espazo de xogo.

Faciamos as chapas aí, na beirarrú e viñan os cativos arredor, arrastraban con nosoutras coas pedras e todo. Dixo unha "aquí hai que organizarse: vamos poñernos aí na esquina do pozo que era un sitio estreito e o primeiro que pase agharrámolo e pegámoslle unha". Collín a un pola camisa así (xestos) e quedeime coa camisa na man. Era o Serrano, non se me olvidará na vida. Foi xunto do maestro e dixeron eu "ai a que me espera!, vaime dar miña nai, ai o que vai pasar!. Veu Don Antonio falar con Dona María. Chamáronme a ver que pasara e eu contei a verdade. El dixo "pois iso non se pode facer" e Dona María defendeume e dixo " mira Antonio, as nenas teñen a súa parte para xogar e os

nenos a súa e os nenos non as deixan xogar así que aquí non pasou nada. **Pilar**

E neste aprender continuo escorréganse tamén as diferenzas para algunhas entre a educación que recibían de seu pai e de súa nai, facendo alusión de diferentes maneiras ao que era o comportamento machista na crianza das fillas e dos fillos.

Acórdome moito de miña mai, de meu pai tamén pero foi moi malo con nosoutros, estivo moito no estranxeiro. Miña mai cocía pa todos, pós fillos pa todos, pan de trigo e pan de brasa. Aprendín dela todo o que sei, non aprendín máis porque eu non quería. Meu pai era moi bruto, era boa persoa pero non daba cariño como a miña mai, eu noto iso, que non me deu cariño como a miña mai. **Carmen Doce**

Antes o machismo era tanto que dar agarimo a un fillo era sacarlle valor ao pai, non é que non lles quixeran aos fillos pero era así. "se lle dou agarimo non me vai respectar". Tiñan que facerse respectar, por darse importancia, aínda que a muller era consentidora do que facían. Eles querían impoñerse no seu ser pais, o machismo. **Carmen Martínez**

## **AOS OITO ANOS PUXÉRONME UNHA CAIXIÑA DE PEIXE NA CABEZA O TRABALLO DENDE NENAS**

O traballo non tiña idade, tiña a necesidade imperiosa de que había que sacalo adiante, dende moi pequenas, en tarefas que elas asumían dentro ou fóra da casa. Non todas expresan de forma concreta que labores eran capaces de facer na súa nenez pero o certo é que con oito anos moitas xa estaban facendo horas nalgún mesón

lavando vasos, levando alindar as vacas ou encargándose de gran parte das tarefas do fogar.

Empecei a traballar con doce anos. Tiñamos unha vaca, unha porca (que eu chamaba Cirila, eu acariñábaa). Traballei na casa dos pais de Pilar, gustábame o campo, traballar coas vacas, corría por unha banda e pola outra. **Fina**

A min non me deixaban ir bañarme nin ir xogar, a miña nai dicía "a ociosidade é a nai de todos os vicios, a traballar, a traballar e a traballar". Unicamente ao mediodía, mentres ela facía a sesta, despois de recoller os cacharros xogabamos un pouco. Eramos obedientes, que remedio nos quedaba. Na casa había moitísimo traballo porque claro o meu pai era carretero e tiña un par de bois e un carro, Ttraballaba todo o ano no monte baixando madeira e nós tiñamos que facer o traballo da casa porque claro, na casa había moitos animais, vacas, porcos, coellos, galiñas, (...) Tiñamos que axudar á miña nai, mentres fomos moi pequenas sempre había unha persoa para axudala, pero cando tiña sete anos eu ía co meu pai que tiña que traballar as terras. Entón eu antes de vir á escola ía co meu pai. Cando era o tempo dos trigos e de arar as terras pola mañá para poñer os bois ao rego, "dicíase, guiar os animais". Despois viña pá casa, almorzaba e ía á escola. **Pilar**

Emerxe, xa dende as primeiras idades, o concepto da identidade a través do traballo, o anhelos de ser, en certa medida, autónomas das súas propias vidas. De feito, en ocasións albíscase no seu discurso un aire de celebración ante a oportunidade laboral.

Nesa casa encariñeime de tal forma con eles (a familia

coa que vivía), deixábanme ao meu aire (...) se había traballo na casa eu viña axudarlles pero senón tamén me ía ao mesón para servir mesas e gañar para min. Eu tiña aquela ansiedade que traballaba coma se fose todo meu.

**Fina**

Aos oito anos puxéronme unha caixiña de peixe na cabeza (...) levaba oito ducias, levaba o peixe para vender polas casas preto do pobo, o meu pai ía (vender) e eu choraba que eu tamén quería ir. Logo empecei a vender tamén na feira eu non pagaba no posto porque as de Cariño deixábanme vender, a min encantábame. **Carmen Rey**

E nese medrar sendo nenas non faltan os testemuños que nos recordan de que forma os coidados, como traballo invisible, entran nas biografías das mulleres dende o inicio, pola porta grande, inda que nós queiramos escapar por outras portas.

Tiña que coidar aos meus irmáns, a miña nai ía traballar. E eu era a máis maior, (bueno aínda hai un irmán máis maior) eu era a que quedaba na casa para coidar os nenos, fomos sete. Eu quería ir xogar pero tiña que coidar deles. Os meus pais pechaban todo para que non saísemos e eu polo buraco de onde saían as galiñas á horta saía por aí a xogar cos nenos. E eu tamén era unha nena!, porque o meu irmán ten sesenta e seis anos e eu teño setenta e un e coidei ao meu irmán, mira cantos anos tiña!. E claro eu ía xogar, entón viñan os meus pais de traballar chamaban por min "Carmen, onde anda vostede?", se non estaba na casa cando el chegaba zumbábanme. **Carmen Doce**





# CAP. 5

## XUVENTUDE E VIDA ADULTA

Entrelázanse nesta etapa os capítulos que marcaron o curso das súas vidas, a narración ule a un ritmo diferente, márcano as circunstancias sociais e as decisións vitais. Deixamos atrás a frescura da nenez, e vai chegando o peso da madurez pero tamén os pasos da emancipación, de conquistas amorosas e de conquistas persoais. Como se de un libro inacabado se tratara, intuímos que hai preguntas abertas para as que non hai resposta: que parte do seu destino xa coñecían antes de vivilo?, que fragmento da historia lles gustaría reescribir?

### SE AS BÂGOAS QUE BOTEI EN VENEZUELA AS TEÑO HOXE NUNHA BAÑEIRA SOBRA AUGA PARA BAÑARSE

#### EMIGRACIÓN

O primeiro pensamento podería ter sido "non hai nada que perder" e, non obstante, cando emigraron sabían que podían perdelo todo, que era *todo*? Os seus

vencellos máis primarios coa súa familia e a súa xente, coa súa terra, co olor do seu fogar. Cántannos que moita xente de San Claudio foi a Venezuela, Alemaña e Australia. Tamén a Cuba e Arxentina, unha parroquia de emigrantes. Só entre o grupo de mulleres coas que compartimos este proceso, cinco delas emigraron. Aquí vai unha pequena parte do que viviron nesa etapa.

A viaxe: recordan a etapa máis dura, o momento de máis vulnerabilidade por non saber a que lugar chegaban nin que podían esperar. Podemos entrever a intensidade do traxecto xa que, ademais algunhas delas nunca antes saíran da parroquia.

*A Venezuela fun aos vinte e dous anos, fun no cincuenta e seis cando casei (...), collín o barco na Coruña, foi moi triste, xa che poñían as cancións "Adeus miña España querida", practicamente choraba todo o mundo, iamos ata Vigo, parabamos para coller a xente e despois paramos en Curaçao, despois chegamos. Cando vin o Cerro da Guaira, todas as casas pequeniñas cunha luz, acórdome cando cheguei a Guaira e vin todo aquilo dixen "ai aquí non viven mais que xitanos" chegamos entre noite e día, vin todo luceciñas, pequeniño todo que parecía un nacemento, cada casiña iña unha luz e vivían como eu que sei. Consuelo*

*Eu tamén fun emigrante, funme para Inglaterra aos vinte e nove anos, no sesenta e catro (...). Fomos en tren ata Francia, en Calais pasamos no ferry. Desde Dover fun á estación Vitoria e alí metéronme nun tren para Sussex, sen coñecer nada nin falar unha palabra, é horrible. (...) porque emigrar para América falas español pero (...) eu ía cun libro de "aprenda inglés en catro días" e non aprendes nada. (...). Eu levaba o nome apuntado e miraba en cada apeadeiro para ver se era a miña parada. O revisor foi encantador e no apeadeiro había un señor esperándome, era un señor*

maior e o revisor preguntou: "hai alguén esperando a unha moza española?" e saíu o señor dicindo: "eu espéroa". Meteume nun Mercedes negro de todo luxo, o meu corazón ía a mil por hora, enfilamos unha avenida con castiñeiros de indias a cada lado. Aquí (en San Claudio) non había aínda luceciñas refractarias polos lados pero alí é polo medio da estrada e eu (mira a ignorancia, e isto estase gravando pero a min non me importa), e dixerun eu "que rica é Inglaterra que ata ten luces a estrada". **Carmen Martínez**

Algunhas ían cun contrato de traballo que lles conseguía un axente intermediario, pero logo elas mesmas buscaban outras opcións para mellorar as condicións laborais. A estancia: buscar traballo, crear un fogar no estranxeiro lonxe da túa casa, conseguir papeis, aforrar para volver a España e as dificultades de ter que desenvolverte de súpeto nunha cultura estraña.

Estiven alí sete anos, traballei nun hotel residencial. Eu alí ía para axudar na cociña, para facer camas e para servir mesas, era unha moza para todo. E o señor era moi bo, que a min axudábame a fregar e como eu choraba dicíame: "Carmen por que choras?" e eu dicía "mamá" Acordábame da miña nai, así que botaba o trapo ao ombreiro, mollaba a man no fregadeiro, facíame unha raia aí (fai o xesto dunha raia imaxinaria coa man) e dicíame "ti deste lado e eu deste?", era para sacarme da mente as penas, era boísimo.

Despois funme para unha casa particular de aia e de moza de todo, estiven nove meses, e aí funme para outra casa só de aia, dunha nena mongólica que aínda hoxe quéroa un montón. E de aí funme pó centro mesmo de Londres e xa traballei pola miña conta, cosendo, en

boutiques. **Carmen Martínez**

Con dezanove anos funme para Suíza, tiña alí ao meu pai e funme cun contrato de traballo, a primeira vez que saín da casa foi para asinar o pasaporte á Coruña. E alí estiven fixa nunha casa onde facía de todo, limpeza, servir a comida (...) o que me fastidiaba era que me mandaban comer con eles á mesa e eu prefería comer na cociña soa porque eu non sabía comer co coitelo. Era un director dun banco con catro fillas e un fillo e, comiamos todos alí e dábame vergoña porque non sabía comer co coitelo. Na miña casa cortábase primeiro a carne co coitelo pero comiamos só co garfo. Despois convidaron unha vez ao meu pai e tamén comeu á mesa e eu dicíalle "era mellor que comésemos na cociña", "ti come aquí que vas aprender", dicíame el. A miña nai estaba en San Claudio. Eu non falaba nada, só español pero había unha filla da patroa que traballaba en Lausana onde tamén traballaba unha española, e todos os días traíame nun papel apuntado como se dicía culler, garfo, coitelo, prato... E entón eu de noite cando me ía pá cama tiña que estudar aquel papel. Traballaba dende as sete da mañá ata que se terminaba a noite ás oito ou nove. Tiña as miñas horas de descanso ao mediodía. Cando acababa a sopa eu tiña que recoller a mesa, viña a patroa ou a xefa, poñía as bandexas, logo recollíamos os pratos e logo a sobremesa. Cociñaba a xefa, (unha anécdota), a min mandábame ir coller ortigas e eu non sabía para que eran, poñíame unhas luvas e collía unhas tesoiras, ata que un día mandoumas lavar e que as botara na pota e estaba a sopa riquísima! **Carmen Doce**

Eu tamén fun emigrante, emigrei a Suíza, en 1970 e fun con contrato, fixéronme papeis, tiña dous irmáns alá. A chegada a Suíza: iamos nun taxi por estrada, leváronme a un hotel, alí estábame esperando o meu irmán, no

hotel era onde parabamos todos os españois. Ao día seguinte xa entrei a traballar. Fun a unha casa de residencia. Había médicos, enfermeiras, era moi grande, eu alí traballei. Os domingos víñame buscar o meu irmán maior, iamos comer xuntos nunha moto pequena. O idioma (...) eu traballei con xente que eramos todos estranxeiros, italianos, alemáns, aprendín moito francés coa xente que estaba alí. Xuntabámonos á noite os españois. Paseino mal porque deixei aquí aos meus pais aos vinte e tres anos, a morriña si a tivemos, tamén estaba a miña cuñada alí e iso era moito apoio. Estiven dezaioito anos en Suíza. O tempo que estiven volvería hoxe. **Carmen Rey**



Eu estiven en Xenebra, marchei con vinte e dous anos. O meu marido foise solteiro a unha empresa de viveiros e despois casei aos vinte e dous e funme con el sen

contrato. O primeiro ano paseino fatal, marchei en tren ata Irún, mareeime todo o tempo e, en Irún chegabas pola mañá e tiñas que estar todo o día esperando o tren a Xenebra pola noite.

Puxémonos a buscar traballo, collimos a "Tribuna de Xenebra" onde había un montón de traballos, coa sorte de que tiñamos uns veciños andaluces moi bos, e ela, a señora faloume dun traballo e acompañoume á entrevista. Dixéronme que me facían contrato pero tiña que saír do país, pasar a fronteira e volver entrar cos meus papeliños. De principio eu era para facer a limpeza da casa e a cociña. Eles tiñan unha extensión enorme de plantación de verduras que logo vendían nos mercados. Tiñan traballadores andaluces no campo e grazas a eles funme entendendo. Na casa había moitas galiñas, había que recoller os ovos, marcalos coa data e eu era feliz, e eu dicía: "neste sitio ninguén me fala máis que as galiñas", que me falaban igual que as de aquí (España)". **Pilar**

Se as bágoas que botei en Venezuela téñoas hoxe nunha bañeira sobra auga para bañarse porque eu non estaba afeita a nada. Crieime cunhas tías avoas coas que non nos faltou de nada pero vas polo mundo e as fallas son moitas (...) mesmo che digo que unha señora coa que fixen unha entrevista para ir traballar á casa dela díxome "ai miña filla mira gústasme por todo pero mira é que non te vou coller porque tes moito pelo", se collo a señora entre os dentes cómoa enteira porque que me dixera "mira paréceme que non estás formada para traballar"(...) en cada casa as cousas facíanse diferentes(...)pero iso?. **Consuelo**

O día a día noutro país sorpréndelas cunha enorme diversidade de vivencias e o seu abano emocional ábrese



entre a morriña do seu fogar galego e os vencellos que se van creando en terras estranxeiras. Os recordos mestúranse, agridoces, incompletos, auténticos.

*Casei en Suíza cun galego que xa coñecía aquí, mandeille o contrato e foi alí traballar. Casamos alá, e o mesmo día de casarnos viñemos pa París e atopei traballo ao día seguinte de chegar. Traballei nunha casa fixa tamén, coidando nenos. Alí xa sabía falar francés pero os nenos aínda me ensinaron máis porque a nai íase e os nenos estudaban e dicíanme "María, tómame a lección", e para pronunciar a primeira pregunta que lles facía eu dicíanme "así non se di, dise así", entón con eles aprendín moi ben. **Carmen Doce***

*Alí en Venezuela había unha praza, a praza Carabobo e a praza da Candelaria e alí os domingos aquilo era San Claudio, Ortigueira, as catro provincias xuntábanse. E o cambio da moeda compensábache cando estaba o bolívar, ías alí a aforrar. **Consuelo***

*Os anos de Londres recórdoos marabillosos, a xente moi amable, a pena que eu levaba non tiña nada que ver co trato que recibía alí, no hotel facíalle vestidos e peinaba á señora. Coa outra señora que traballei tratoume como unha irmá, non quería que a chamara señorita, quería que a tuteara. A morriña tela pero bueno polo que traballabas pagábanche. Os tres anos que pasei no centro de Londres tiven moito traballo que era ao que iamos, a gañar algo para volver.*



Onde mellor se vive é onde se debe facer a patria. Eu estaba moi contenta porque tiveron a sorte que na casa onde estiven de aia ensináronme a conducir, pagáronme as leccións, compraron un coche para que eu o usara e tamén o día libre e para que puidese levar aos nenos ao colexio. Os domingos íamos á misa, eu levaba á miña amiga. Tamén compraron unha máquina para que eu cosera.

Lembro unha canción cando estaba en Inglaterra que os tíos dunha compañeira viñeron de España e levaron un cassette de "Os Tamara", e acórdome que un día libre fomos á casa dos tíos e eu creo que o raíamos de tanto escoitalo, choramos e gozámola cunha pena no corazón. "Galicia que bonita". Con todo, se puidese volver volvería. **Carmen Martínez**

Traballei nunha casa de acollida de mozos de quince a dezoito anos. Os nenos vivían alí, ían traballar fóra. Atopei a unha xente boísima, encantadora, eu traballei na cociña, dez anos. Con vinte e cinco anos quedei embarazada, fíxenme anual (xa non tiveron que saír de Suíza) A miña señora preparoume os papeis tamén para o meu marido e xa eramos libres no país. Tiveron ao meu fillo. A baixa de maternidade foron seis semanas, os primeiros meses gardoume unha muller española para poder traballar e despois aos tres anos entrou en infantil e xa foi moi fácil, quedábame a escola preto de onde eu traballaba. Cando naceu o meu fillo cambiámonos de casa a un piso mellor, a miña xefa díxome "agora vas ter un neno e non vas estar nesa habitación, eu búscote algo". E buscoume unha casa estupenda. Eu traballaba para o estado en Xenebra.

Cando o meu fillo tiña sete anos xa volvemos (a Galicia). Eu vinme con moita pena, vinme chorando.

Volvinme porque ao meu marido metéuselle na cabeza que tiñamos que volver para que o neno se criara aquí (en España). Tivemos un tremendo desgusto porque estábamos moi unidos coa miña cuñada, o meu irmán, os nenos, o meu sobriño chorou todo o día cando nos viñemos, meteuse nunha papeleira grande e escondeuse. **Pilar**

Cada experiencia migratoria foi única, excepcional no seu principio, nó e final. Aínda que se cadra non exista un final pechado para este capítulo de mudarse ao estranxeiro e logo retornar a San Claudio. O que foron alí, nos seus países de destino, as oportunidades que tiveron, o que botaron en falla, as chamadas de teléfono que fixeron a Galicia e as que non puideron facer, todo iso, hoxe aínda habita nelas. De San Claudio ao mundo e volta. Ás veces a razón principal eran seus fillos e fillas que deixaran aquí, parece que nunca era o momento xusto para volver a pesar de que sempre existira a vontade de volver.

Eu o que aprendín da miña emigración foi a ser máis condescendiente, a pensar un pouco máis as cousas, ser máis comprensiva, a poñerme na pel do do lado. Aprendín o que me ensinou a vida, foi duro naqueles tempos. Síntome orgullosa de ter emigrado, de levar a miña vida pa diante. **Carmen Martínez**

## **AS MULLERES, CANDO SE ACABABA DE TRABALLAR FÓRA, VIÑAN Á CASA A FREGAR, A LIMPAR, A PREPARAR A CEA TRABALLO PÚBLICO E TRABALLO PRIVADO**

Todas traballaron, nesa busca por ser autónomas, por aportar nas súas casas, por ter diferentes formas de

"gañar a vida" (como se houbera que pagar un prezo por ela). Falan das condicións, ás veces moi complicadas nas que desempeñaban o seu labor e no seu relato tamén hai unha parte que non aparece expresamente pero que fala do que sacrificaron na súa traxectoria profesional. Versatilidade, adaptación, esforzo, nun camiño polos diferentes regos que as levan a definirse como mulleres traballadoras. Dende moi pequenas agarráronse ás oportunidades que tiveron nese momento no contexto social económico da Galicia dos anos cincuenta e sesenta.

*Saín da escola aos trece ou doce. En principio mandábanme a coser pero deixeiño deseguido, con catorce anos xa fun traballar a Mera, á fábrica de punto, a Casa de Peteiro. Alí aprendín a calcetar a máquina, estiven ata os vinte. Traballaba todo o día. Aos vinte tiven un accidente de coche, estiven un ano no hospital, rompín a cabeza do fémur e despois cando recuperei comprei a miña propia máquina e puxen o meu taller de punto. Traballaba para un taller, traías o fío e levabas a mercadoría e despois xa traballei para o público. Cañi*

*Estaba a traballar nunha fábrica de calceta en Mera, e bueno, eran vinte e cinco pesetas e compraba un bolo de pan. Ía traballar un día pola mañá e outro día pola tarde. Cando ía pola mañá traía o bolo, empezaba a sacarlle un corrosco porque claro vas para empezar ás nove e saes de alí á unha e a pé. Eeu vivía no Sixto, son cinco quilómetros e pico, e claro empezaba a comer e chegaba a casa co bolo case comido. Custábame doce pesetas, a metade do xornal. Entón decidín irme para Inglaterra. Carmen Martínez*

*A miña irmá estaba xa na Coruña e necesitaban a outra pa coidar. Alí ensináronme a pasar o ferro e a facer de*

*todo. Traballei un ano alí, logo enfermei e vinme e aos dezoito anos fun pa Ferrol a coidar a dúas nenas de trece meses e outra de tres e a un neno de nove. Estiven cinco anos alí, logo funme a Suíza. Carmen Rey*

*Son moi conscientes de que os tempos que elas viviron ofrecían moitas menos oportunidades que agora.*

*Era distinto, cando te ías da casa era para ir traballar, agora vanse porque se queren independizar, queren unha aventura, pero antes íaste para gañar a vida e para axudar na casa. Carmen Martínez*

*Non nos sorprende atoparnos neste grupo de mulleres a verdadeiras emprendedoras que sacaron a diante os seus propios negocios a pesar das dificultades. Cóntannos que Pura tiña unha máquina de calcetar e que tiña moitas operarias traballando e ela vendía a mercadoría nas feiras, en San Claudio, Moeche, Barqueiro. Tamén descubrimos que Consuelo tivo unha tenda na que vendía de todo, mercería, colonia, xabóns, panos de cociña, toallas, xogos de cama, botóns, roupa, broches, las e agullas. Era ademais un comercio ben situado fronte á feira e tiña incluso unha camiña para repousar e botar unha sesta nos longos días da feira.*

*Casei aos trinta, tiven os fillos e collín un bar que había aquí abaixo, durante vinte e cinco anos, o meu marido e eu levabamos o bar. Cañi*

*O certo é que moitas delas combinaron como podían varios traballos ao mesmo tempo e expresábano incluso con humildade, como se fora o máis normal do mundo, pero o seu relato fala dunha entrega total á tarefa de sacar recursos para soste-la familia.*

Eu que traballei algo pero tampouco fun unha escrava. Traballei no campo, tamén fun de cociñeira a algunhas casas e nalgunhas festas. Tamén ao marisco que mariscando complementaba o que se achegaba á casa.

**Teresa**

Eu tamén ía vender desde que casei. Primeiro o meu papá tiña un carro e un cabalo entón claro, dábanos dez pesos e entón nós íamos cunha caixa de peixe vender. Pero despois eu vía que gañaba tanto diñeiro que pensei "a min non me necesita, eu non teño por que axudarlle a papá", necesítoo para os meus fillos e o meu marido. Despois levábame Toñito, o meu primo, e eu ía ás cinco da mañá para Cariño a coller o peixe, axudáballe a el, pero daquela comprabas unha "chona" que traían os mariñeiros e poxábanas. Con dúas chonas eu xa enchía a caixa, e facía diñeiro, si. Desde que viña de vender o peixe tiña unha casa (onde traballaba) tres días á semana, aproveitaba ata as dez da noite, non ía saír ás sete da tarde (se chegaba máis tarde para ir vender).

**Fina**

Para as mulleres que emigraron, a volta supuxo en moitos casos volver comezar de cero, tiveron que reinventarse e sacar adiante de novo as súas oportunidades laborais.

Vin de volta e casei. A familia do meu marido tiña uns muíños, tiña animais. O meu marido traballaba de albanel, nos piñeiros. E eu fun ama de casa, cosín. E despois metínme en venda directa, primeiro levaba unhas mantas térmicas, lámpadas, xogos de cubertos, cristalerías, coxíns para os pés, artigos moi caros. Despois empecei a traballar en Cristian Lay e logo Marcel Cluny. **Carmen Martínez**

Cando volvemos o meu marido foise pó monte e despois pó mar. Eu quedeime na casa cos fillos e polas tardes cosía e tiña mozas aprendendo a coser, era profe do que sabía eu. Tiven ata cinco mozas comigo aprendendo. E despois non daba, había que comprar fíos, botóns, corchetes... fun traballar á Perla (a Ortigueira, hotel e discoteca). Aí traballei dezaseis anos limpando pero sen seguro. E despois empecei a traballar de axuda a domicilio cinco anos ata que me retirei, e agora estou no mellor da miña vida. **Carmen Doce**

Cando volvíñ collemos unha tenda de Ortigueira, un ultramarinos e estivemos a traballar os dous polo menos dez anos. Despois abriu Alcampo e as vendas foron a menos. Eu púxenme a traballar en Ortigueira facendo horas nas casas, limpando escaleiras, fun mariscadora, fixen de todo. E despois caeume a lotería, chamoume unha señora para traballar a Pizarras Campo, á cociña e estiven dezasete anos ata que me xubilei e moi contenta porque que me trataron moi ben Hai moita xente que di que non, e eu digo, "pero que queren?". Traballaba de nove a cinco, con descanso ao mediodía. **Pilar**

Resulta por un momento unha contradición observar que entre os seus testemuños hai moita máis atención dirixida á esfera do traballo público que a do privado, tal como se fora un reflexo da sociedade, invisibilízase o doméstico e o particular. Non obstante, a afirmación xeral é que "as mulleres faciamos de todo", e así o contan, non había tregua na casa.

Eu na casa facendo o caldo e o que fóra, nunca fas unha cousa soa, lavas, planchas, tendes, e colles. Ía á herba tamén. Ía a un terreo e plantaba patacas, millo, o que fora. As mulleres, cando se acababa de traballar fóra, viñan á casa a fregar, a limpar, a preparar a

cea. Os señores viñan lavar os pés e pés para que te quero ou xogar a partida ou deitarse, esa era a machismeria que había. **Consuelo**

Calcetabamos calcetíns, xerseis ata as doce da noite. Levantabámonos moi cedo. **Pilar**

No noso campo tiña patacas, tiven algunha vaca tamén. Traballaba todo o día, tiven tres fillos. **Teresa**

Nos anos que traballei (fóra de casa), traballei e gustoume, volveríao facer hoxe. Gustábame a medicina, e cando non traballei era ama de casa co meu fillo. Cando casei fun ao piso onde vivía o meu marido. Non había auga quente, non había baño, non había máis que a billa dun lavabo pa lavar a cara e a billa para lavar os pratos, era moito traballo. O meu fillo tiña alerxia aos pañais normais, usaba uns pañais especiais. Tiñallos que lavar e pasarllela a plancha todos os días, aí foi onde eu parei de durmir. Deitábame á unha da mañá e ás cinco levantábame, eu tiña que esperar a fregar primeiro os pratos e logo poñer a lavadora. **Carmen Rey**

Os coidados están transversalmente presentes na conversa, ás veces dun xeito sutil, como se quixeran quitarlle importancia ao tempo e a enerxía que estas mulleres adicaron a facerse cargo con mecos e tenrura de avós e avoas, pais e nais, fillos e fillas. Ademais, esténdense os coidados ao conxunto da unidade doméstica, en concreto a algúns animais como nos conta Fina.

Tiña eu unha vaca leiteira que estivo enferma, tirouse na cuadra e era un drama, o veterinario dicía que había que sacrificala e eu agarrábaa polo pescozo. Probeciña,

achegábame á súa cara, dábame tanta pena, e mellorou, e aínda deu crías despois. Por iso digo eu, eu sempre son moi crente e creo moito, a ver, non podes pedir o imposible, din alí: "o que ten fe, a fe de Deus sálvanos". **Fina**

## VÉMONOS PARA A FEIRA

### A FEIRA DE SAN CLAUDIO

Como xa mencionamos ao inicio desta publicación, a Feira é sen dúbida un símbolo de patrimonio sociocultural na parroquia de San Claudio. Todas nos falan da súa importancia e defínena cada unha á súa maneira, dende a mirada e a perspectiva das xeracións que viron todo o seu esplendor neste encontro mensual.

Era un hipermercado, porcos, vacas, galiñas, pitos, queixos, manteiga, roupa, calzado, Xesús!, de todo. **Consuelo**

Era un Marineda, muller. **Carmen Martínez**

Algunhas como Carmen Rey, xa de moi novas, vendían nas tarimas "sardiñiñas salgadas, parrochas que se vendían a pesetas" e outras como Pilar tiñan unha caseta fixa:

"Eu vendía louza, produtos de alimentación, traíaos da tenda que tiña en Ortigueira. Á feira tamén viñan zoqueiros, ferreiros, afiadorer, paraugüeiros, apedoiros, ou capadores ds porcas e dos porcos. **Pilar**

Cando lles preguntamos por máis detalles da feira cóntannos con entusiasmo que comezaba ás oito da mañá,





os tendeiros xa viñan ás sete. Viñan da Coruña, de Betanzos, de Ferrol, de Viveiro, viña a empresa de La Luna, Hermanos Gabeiras. Ademais, durante o día en cadacasa había un bar e casas de comida, a celebración alongábas incluso ata á noite e despois había baile.

*Viñan os autobuses con xente comprar e vender e camións e cabalos e vacas. Todas*

Móstranse vehementes na conversa tamén á hora de denunciar os abusos de autoridade que se levaban a cabo nos controis para acceder á feira. Coméntannos como paraban os autobuses da xente que viña, miraban a mercadoría que traían e pedíanlles unha parte da ganancia.

*E requisaban as cousas, despois da guerra, o trigo, o millo, paraban e dicían "hai que deixar isto aquí, os fielatos", como unha aduana, alí tiñas que deixar un tanto por cento. Todas "Para facenda, Montoro" (di con ironía Consuelo).*

*Levaban galiñas, e as que levabas vivas declarábalas. Por exemplo levabas dez vivas e dez mortas por debaixo da enagua, colocábanse na saia de "chichirichi". Eran señoras con moitas cadeiras (rí). Isto era o estraperlo. E coas teas igual, tiñas que facer trampas porque había que vendelas a prezo de "orillo" (era o prezo ao que viña marcado no precinto pero se as vendías a ese mesmo prezo non gañabas nada) e había quen o remendaba, onde puña un cinco escribían por enriba un seis e así. Houbo persoas de San Claudio que subiron aos coches a requisar o lenzo de sabas.*

**Consuelo**

Por último, cando falamos do declive que sufriu a feira

compártennos, non sen agochar un aire de tristeza que foi aproximadamente a partir de principios dos anos noventa cando comezou a decaer. Algunhas teñen clara cal foi unha das principais razóns e tamén as súas consecuencias.

*Abriuse a de Moeche e quitoulle moita xente. Pilar*

*A xente de aquí non valía pa iso, había que facer esa agrupación, ti eras conforme pero se cadra eu non. En Moeche non, o que non deu a casa deu o terreo, non lles durou moito pero "mientras dura vida e dulzura".*

**Consuelo**

*Desde entón reuniámonos menos, veu a televisión e a lavadora e acabouse todo. Todas*

## **A XUVENTUDE E OS NENOS XUNTÁBAMONOS NUN SITIO QUE SE CHAMABA A CASILLA TODA A TARDE, DESPOIS VIÑAN OS MOZOS E VIÑAN DE TRABALLAR, ALÍ PASÁBAMOLO PIPA**

### **FESTAS COMUNITARIAS, CELEBRACIÓNS E ENCONTROS**

Unha das festas máis simbólicas de San Claudio era a festa da árbore que se facía en maio Todas o recordan con cariño, aprendían dende nenas a canción que tamén tivemos a oportunidade de escoitar durante o seu relato:

*"Cantemos al árbol que voy a plantar, si Dios lo*



*protege del hombre y del viento salud y riquezas dará. Para el aire fragante su aroma, para el caminante regalada sombra templarán los rayos de la luz de sol y entre sus raman colgarán las aves sus nidos de amor.*

*Cantemos al árbol que voy a plantar..." Había unha árbore plantada aquí en San Claudio, un pereiro, esa foi a árbore que se plantou, Dona Cándida (a mestra) dicía "este arbolito plantouse o día da festa da árbore".*

**Consuelo**

Pilar lenos ademais o discurso que súa nai, Sira Martínez, escribiu en febreiro de 1927, adicándolle unhas palabras ás calidades da árbore cando a plantaron en San Claudio.

A conversa lévanos tamén a explorar outras formas de celebración. Entre elas, recordan por exemplo a festa do Patrón en xullo na que había normalmente unha misa, unha banda, unha orquestra, un pasarrúas, gaiteiros e viña moitísima xente de Cariño e Ortigueira. Ante a pregunta de quen organizaba as festas coinciden en que o levaba unha comisión na que había só homes pero que os tempos cambiaron e agora tamén hai rapazas.

Comparten ademais outros momentos de ocio que gozaban xa na etapa da xuventude tardía e a adultez. Algunhas veces ían ao cine a Senra a pé e ata Ortigueira, á sala de festas, tamén ían a pé e outras buscaban algunha forma de entretemento no mesmo San Claudio.

*Xuntábamonos todos os días. A mocidade e os nenos xuntábamonos nun sitio que se chama A Casilla toda a tarde, despois viñan os mozos que viñan de traballar, alí pasabámolo pipa. Cañi*

*Os domingos saíamos a pasear á estrada, era como unha rúa real, sentabámonos na cuneta, falabamos. Non pasaba ninguén (nin coches), mira cantos coches pasaban que a festa que se fai o segundo domingo de xullo aí, na Rocha, antes facíase na propia estrada. E se pasaba algún coche, a xente apartábase e logo xa volvía bailar. Carmen Martínez*

Detémonos nun espazo que ten máis de traballo e de obriga que de recreo, os lavadoiros, como lugar no que moitas delas pasaban horas facendo a coada, ás veces soas, ás veces en compañía, sempre entre mulleres.

*Iamos a un que cabiamos tres en cada lado pero como estiveras cunha coa que non te levabas ben(...) levantaba a roupa " bluf" e mollábate toda. Fina*

*Como dicía a xente de antes "van pó río para darlle a martabela". Alí eran as novidades: quen dexara ao mozo e así. Consuelo*

*Era o sitio de críticas, de boas noticias e malas. Carmen Martínez*

*Se cadra ías e non había ninguén e logo ían chegando. Carmen Doce*

*Había un lavadoiro en cada grupo de casas. Estabas alí ata que se acabara pero tampouco tiñamos moita roupa. Iamos buscar a auga. Así como unha "L", cabiamos cinco ou seis persoas. Despós diso como se empezaron a facer pozos nas casas de lavadoiros xa nada. Consuelo*

Moi probablemente hai saberes que se irán perdendo coas xeracións vindeiras se non somos quen de rescatalos e

recoñecer o seu valor de patrimonio sociocultural da parroquia e, sen dúbida a técnica (que se asemella incluso a un ritual) de "poñer a roupa ao clareo" é unha delas.

*Despois facíase a coada unha vez ao ano, se cadra. Outras casas facían máis (e tamén cando morría alguén). Toda a roupa que houbera no armario levábase ao río, poñíase xabón, traíase á casa moi apretadiña. Había unhas tinas enormes de madeira como barrís grandes, colocábase a roupa, poñíanselle uns trapos ao redor e no fondo colocábanse tamén as sabas. Cubríase moi ben toda a roupa con cinza (para branquexar) e follas de limón, despois botábase auga. A tina tiña un buratiño para que saíra a auga. Potas de auga con xabón, botábaselle ata que a auga que saía por abaixo saía fervendo. Deixábase ata o día seguinte, tapábase e volvíase a ferver e a botar, logo ías ao río con toda a roupa a aclarar e a secar. **Pilar***

*Poñíase a coada nunha " trepia" de madeira e había un moble que lle chamaban "dala", alí era onde se poñía a tina. Poñías o cubo debaixo para recoller a auga, era de madeira e ía por todas as casas, prestado dun lado para outro. **Consuelo***

## **MIÑA NAI SEMPRE NOS DICÍA "NUNCA LLE DEAS A UN MOZO UN BESO NA BOCA PORQUE ATRÁS DO BESO VÉN O DEMAIS" E, QUE É O DEMAIS?**

### **AMORES, MATERNIDADES E CRIANZAS**

O contexto sociocultural no que se desenvolve a súa

xuventude condiciona as circunstancias nas que xorden os primeiros achegamentos ás relacións afectivas. Hai unanimidade cando afirman que estes temas non llelos ensinaban nin na escola nin na casa. Aínda que para Fina foi algo diferente, tal como nos contou entre a complicidade e as gargalladas literais das súas compañeiras de relatos.

*Eu tiña catorce ou quince anos, eu contaba cousas de inocente. Eu contáballes todo e eles dicíanme o que tiña que facer. Unha vez dixeron "a Finola (chamábanme Finola) será tan inocente como se fai" pois témola que preparar. E entón mandáronme pá cuadra e dixéronme "Finola vai mirar se a vaca está quente" e vou e mírolle os cornos!, mira se era inocente eh, tocarlle os cornos á vaca. E díxenlles: "está quente, quente, quente que non poder estar máis". Deulles a risa e dime a señora Leonor "e por onde Finoliña?" "polos cornos", eu non era tonta pero inocente si, entón dixo don Alfredo "non, non pasa desta noite a Finola, vamos collela e a explicarlle todo", porque ten noivo (...) (risas) Aí colléronme, de verdad eh, e contáronme dende o principio ata o cabo que botaron tres ou catro horas connigo explicando. Eu quedei coa boca aberta e non o cría, ai!, dicíalles, eu non fagho nada diso!. Non nos ensinaban (bueno eu era moi pequena) porque miña nai sempre nos dicía "nunca lle deas a un mozo un beso na boca porque atrás do beso vén o demais" e, que é o demais?. Eu escola non tiven, a min non me ensinaron. **Fina***

Durante todas as sesións a conversa sobre os maridos xorde de forma natural, incluso percibimos que hai no diálogo unha inclinación a dar por feito que casar era o que se esperaba en xeral das súas biografías. Atrapamos tamén un momento que merece ser reflectido aquí pola frescura e a autenticidade coa que comparan

como se vivían as relacións amorosas no pasado e como son no presente.

-Agora non cantan, non ves á mocidade cantando. Unha canción antiga e que agora xa non se canta, facíame chorar sempre (comezan a cantala varias á vez) "cuando se quiere de veras, como te quiero yo a ti, es imposible mi vida..." cantábama o meu Celso, cando viña á casa de permiso. Antes os matrimonios eran moito máis cariñosos que agora. **Fina**

- E ti que sabes como son agora? fálanse por whatsapp. **Carmen Martínez**

-A un que lle morre a muller e aos dous meses xa van pó baile a bailar. Antes non o podías facer. **Fina**

-Non o podías facer polo que dirán. **Cañi**

-Non, porque chorabas (por esa persoa). **Fina**

-Non hai familia unida agora, cada un para a súa esquina. **Carmen Rey**

Adentrámonos na maternidade, outro dos temas que como mulleres atravesou as súas historias. Nesta ocasión queríamos falar sobre todo de como se apoiaban e coidaban unhas ás outras nos momentos do parto e posparto.

Cando daban a luz, ías axudar, a levar pucheiros, chocolate, botellas de "Sanson" (licor). A parteira axudaba a dar a luz, "en cada casa había unha parteria". Non podías pagar ao médico. Avisabamos á veciña, á parteira. **Consuelo**

Eu tiven un mes á miña nai alí e, "non te levantes, e

ponte de lado" **Carmen Doce**

Na experiencia da crianza Carmen Rey cóntanos o seu propio testemuño de compartir as obrigas, o que hoxe chamaríamos corresponsabilidade.

Tiven sorte co meu marido porque el facíao todo, menos limpar cristais e facer a cama que eu non lle deixei porque facíaa ao seu estilo e a min non me gustaba. Era o único. quedaba cos nenos e tamén me facía para comer. **Carmen Rey**

Un dos capítulos máis complicados para todas as que viviron a emigración foi vivir a maternidade nunha distancia obrigada e en ocasións oculta. Nas propias condicións nas que loitaban por vivir e ter un traballo digno no estranxeiro, un embarazo podía supor un obstáculo importante. Son elas as responsables de todo ese peso porque a condición de ser nai acaba limitando moitas veces as súas opcións laborais e ao mesmo tempo polo desasosiego de non poder convivir onde queren cos seus fillos e fillas.

Alí (en París) estiven embarazada e non tiña papeis e o meu marido tampouco, el non atopaba traballo porque non tiña papeis. Cando fun facer eu a carta de traballo, cando che quitan o sangue preguntáronme se estaba embarazada e en vez dicir que non dixen que si e entón dixéronme : "lévalle este papel á patroa, se cho cobre a patroa, facémosche os papeis". Pero a patroa non quería facerme os papeis porque estaba embarazada e díxenlle "mira, faighame os papeis, que despois o crío vouno levar a España" e así fíxomos. Pero primeiro fíxollos ao meu marido porque eu llo pedira. Fíxollos como empregado de fogar e cando tivo os papeis o meu marido atopou traballo deseguido. A patroa foi moi boa.







Cando estaba embarazada fun con ela de vacacións, logo vin dar a luz a España. Volvín a esa casa e despois quería que fora de vacacións outra vez con ela dous meses e eu díxenlle que non. Luciano dixo que non quería que fose tanto tempo de vacacións con eles e funme de xunto dela. E despois empecei a traballar por horas pola miña conta, nunhas e noutras casas, limpando e coidando. A nena deixáraa en San Claudio coa miña nai e cos meus irmáns e despois tiveron outro neno e tamén o vin traer a España e despois tiveron á máis nova. En total estiveron trece anos alí. **Carmen Doce**

## SE NOS TIVERAN DEIXADO, QUEN SABE O INTELIXENTES QUE SERIAMOS

### OS LÍMITES DE SER MULLER

Ter nacido muller significaba que a túa vida ía estar debuxada polas fronteiras legais, sociais, culturais, económicas, barreiras feitas de ideoloxía patriarcal que determinaban o percurso da túa traxectoria. Falamos con elas do reto que a miúdo supuña transgredir eses límites, e atopámonos cunha rotunda capacidade paradescribir esa realidade que condicionaba o seu día a día.

Á muller que non traballa chamábase folgazana, tiña que facer o da casa e o de fóra que é o peor. **Carmen Rey**

Ás solteiras chamábanlles "resabiadas", nin que casar fose unha panacea.... **Carmen Martínez**

A melloría foi tan grande, grande para as mulleres.

Aguantade todos eses dereitos que collestes que son moitísimos comparando cunha muller da posguerra, os tempos foron difícilísimos. Estaba moi mal visto nunha familia acomodada haber unha criatura de solteira e agora de familias moi acomodadas queren ter eses nenos e non queren casar. Estabamos atemorizadas as mulleres na posguerra, non podías dar un paso. **Pura**

O tema das nais solteiras foi un dos que primeiro saíu na conversa, non fixo falta preguntar, a indignación apoderouse do momento. Elas expresaban o seu desacordo co trato de exclusión social que se lle daba a unha muller desa condición. Carmen Martínez contábanos así a experiencia da súa propia nai.

Eu son filla de solteira, a miña nai empezou aos catorce co seu noivo e aos vinte e catro tívome a min. A miña nai xa quedou na casa para toda a vida, non volveu saír a ningunha parte Ela tiña un medo tan grande cando eu empecei a saír, todo era non, e creo que iso me traumatizou a min tamén porque a miña nai xa non volveu saír. Educáronnos no medo a que quedases embarazada ou solteira, ou que tiveses un noivo e que te deixara porque se te deixabas con el xa era sabido que non eras virxe e iso era moi primordial.

Acórdome que os días de festa por exemplo, reuníanse todos e a miña nai era a que cando acababamos de comer, ela fregaba. Todos estaban na mesa e ela ía muxir e despachar os animais. E cantas bágoas vertería a miña nai, pénsao, muxindo as vacas e oíndo a todos os seus irmáns e á xente cantando na sobremesa. Porque a muller ten que ser tan degradada por ter un fillo se o fillo tamén o tivo o home? que a muller non é capaz de ter un fillo soa, o home ten que poñer o esperma(...) os que teñen un fillo teñen que axudar a crialo! Póñome un



pouco aceirada ao falar da igualdade.

*A muller que ten un fillo non é máis deshonrada que a que non o ten. Naqueles tempos non había medios para prever embarazos ou había pero non sempre se podían comprar. Os homes non evitaban que houbera embarazos. A muller quedaba marcada, a sociedade apartaba á muller, nin podía poñerse de manga curta nin saír a ningún sitio porque "buscaba algo", non tivo bastante xa?*

**Carmen Martínez**

O condicionamento espállanse tamén a nivel estrutural, á dependencia económica e de cobertura social. Fálannos da diferenza salarial entre o que gañaban elas e o que percibían os seus maridos. Moitas delas non cotizaron durante moitos anos a pesar de traballar moitísimas horas dentro e fóra da casa. Cidadás con dereitos de segunda e as consecuencias para o futuro. Poderían optar a unha xubilación digna despois de ter contribuído enormemente co seu desempeño laboral ao desenvolvemento da comunidade?

*Eu o seguro tíveno cando caín embarazada, paguei o seguro porque se tiñas que dar a luz nun hospital, custábache un ollo da cara. Cando din a luz aínda tiven que pagar porque non tiña o tempo suficiente cos seguros pagos.* **Carmen Martínez**

*Tiña o seguro do meu marido pero non tiña o meu seguro, así que fun traballar en Pizarras Campo.* **Pilar**

Tamén a xestión das propiedades era cousa de homes, durante moitas décadas elas non podían facer trámites legais por si mesmas. E detémonos para observar que isto non representaba unha inquietude tan alarmante

para algunhas delas, se cadra porque en ocasións a imaxinación non pode chegar a aquilo que non viviches antes.

*Necesitabamos a sinatura do marido para todo, para a conta do banco. O marido manexaba todo, a muller non dispoñía nada. Iso viviámolo como normal, era o que había, o que non coñeces non o botas de menos.* **Varias**

Os roles de xénero estaban e están perfectamente establecidos para que homes e mulleres non saíran do seu patrón. As esferas pública e privada estaban igualmente definidas, cada categoría no seu lado para manter a orde. Por iso elas nos explican que na Feira de San Claudio os homes se ocupaban do gando, do calzado ou das teas, mentres que elas vendían manteiga, galiñas, coellos, fabas, patacas, trigo, millo.

*Se un señor, porque a muller non tiña tempo, ía á compra e viña coa bolsa era un "maricas". Se varría a cociña era un "maricas". Se varría un varredor a rúa non era un "maricas". Se era un xastre ou un planchador ese non era un "maricas", pero se vías a un home cunha agulla cosendo un botón era un "maricas". Se o facías fóra da casa estaba ben visto, dentro non.*

**Carmen Martínez**

*A muller era sempre machacada naquel entón, nunha casa que había varios fillos sempre a escola pós homes. As mulleres sempre sen medios, sen valor ningún.*

*Quero dicir que naquel entón as mulleres estabamos tan machacadas, as mulleres estaban para facer o caldo. Agora as mulleres tedes a voz cantante, non a perdades porque tedes agora todo, todas as vantaxes cando antes*

*nunha casa había catro ou cinco homes e mulleres fillos, todos irmáns, a escola que a tiveran os homes porque se cadraba eran os que tiñan que saír. As mulleres para facer o caldo. Eles sabían sempre os números, entón agora que collestes tantas vantaxes non as perdades. Pura*

*Eses roles mantiñanse tamén no código de tradicións como o loito, segundo elas todo o mundo o sabía e criticaba o teu grao de pesar pola perda segundo levases o loito. Así a sociedade impoñía como eran as normas para eles (poñían unha "brazaleta" durante un tempo) e así nos conta Pilar como eran para elas.*

*A morte dos avós eran seis meses, irmáns ano e medio, os pais tres anos. As fillas antes pasábanse a súa mocidade de loito e non podían saír a ningún lado, non podías nin bailar, nin ir ao cine. Pilar*

*Outra das barreiras máis poderosas ás que tiñan que enfrontarse as mulleres da súa época era o acceso á educación. En moitas familias sacrificábase que elas fosen á escola e víase mesmo como un luxo do cal prescindir. En moitos sentidos, o ensino regrado era a porta a mellores condicións de vida e tamén o espazo de empoderamento para poder chegar a esa equidade que aínda hoxe loitamos por construír.*

*A miña nai non sabía ler, ía traballar nunha taberna e eu ía con ela de nove anos fregar os vasos. Pero facía as contas de memoria, en reais non sabía pero en pesetas e en duros non a gañaba ninguén. Á miña nai mandáronlle unhas cartas porque puxeron unha escola de noite aquí no escolar e a miña nai nunca quixo vir. Mandounos a nós no canto dela pola noite. Carmen Doce*

*Se nos deixasen, quen sabe o intelixentes que seríamos. Carmen Martínez*

## TRANSGRESIÓNS

*Os rostros da transgresión teñen formas e texturas diversas, en moitos sentidos rachar os límites quere dicir darte conta da opresión polo teu xénero, ou saír cada día polas mañás a traballar do que poidas e nas condicións que che toquen, ou loitar pola túa independencia como persoa fronte ao que se supón que tes que ser como muller. Moitas delas fixeron tarefas e labores inicialmente consideradas masculinas como coller un arado ou cortar leña. Ser capaces de superar esas fronteiras foi algo que tiveron que facer nas súas relacións afectivas, así o lembra Carmen, a primeira vez que rompeu a norma social de que unha muller non podía ir soa en coche co seu mozo*

*Unha vez fomos a San Adrián e comenzou a chuvia, e as miñas amigas querían quedar (tivemos que esperalas). Despois dese día díxome "a quen levamos hoxe?" sempre tiña que levar carabina, daquela era así, eu viña de fóra, non era ben visto, Eu sabía que o meu noivo non me ía facer ningún dano e que eu non ía facer nada que non quixese. E dixeron eu, "non levamos a ninguén" e quedou sorprendido. Carmen Martínez*

*Con respecto ás relacións afectivas escoitamos tamén a súa percepción respecto do que cambiou agora, algunhas din que antes se respectaba máis á muller neste tema, outras engaden que en realidade era un tabú e por iso non se sabía cando pasaba. Non se poñen de acordo nunha única postura pero sen dúbida é un tema que as mantén inculcadas. Nesa mesma conversa saltan á cuestión actual*

de "La Manada". Carmen Martínez conta que fai pouco oíu a tres homes poñendo en dúbida que fora unha violación, exprésanos a súa impotencia por non atreverse a mostrar o seu firme desacordo. Ás veces a valentía está en sacar fóra esa impotencia, iso xa é un acto transgresor que abre a porta para seguir no camiño do empoderamento.

No que si están de acordo é en que a experiencia migratoria foi definitivamente unha das máis revolucionarias para elas (e tamén para eles), por todo o que aprenderon e os límites que cruzaron. Non o pensaran previamente pero as circunstancias obrigáronas a sacar toda a forza e a sabedoría para seguir camiñando.

*-Emigrar foi un paso moi grande (...) e con moita ignorancia porque non sabíamos o que tiñamos diante. Non sabes o que vas atopar, nunca te imaxinas que vai ser tan difícil. Carmen Martínez*

*-E pó machismo fixo moito porque os que ían cara a alá non tiñan outro remedio que ir comprar porque ían eles sós e tiñan que facelo, andaban coa bolsa, fregaban. Consuelo*

*-Como fan agora, eu sempre digo: o traballo non ten sexo. Carmen Martínez*

*no meu país teño comida e aínda que comese pedras non estaría na súa casa".*

*Logo fomos a un despacho de avogados laboristas para saber se verdadeiramente eu non podería volver a traballar en Suíza se e me ía desa casa e dixéronme que non, que saíndo e cun novo contrato eu podería volver traballar alí. Pilar*

*Co tempo eu cada vez ía máis ao campo, empezaba ás seis e media da mañá e terminaba ás oito. A patroa dicíame que tiña que acabar alí o contrato que se non non podería traballar máis en Suíza, non me daba a carta libre (un documento que che dan de que estás libre) coma se eu fose propiedade dela. E eu díxenlle (porque despois eu xa aprendín a falar) "mire señora se vostede non me dá a carta libre eu voume igual a España porque*



# CAP. 5

## OS SEUS AGORAS

O que di unha mestúrase co que di a outra, resoan os seus presentes, parece que as súas vidas se aproximaron, nun camiño de retorno ao fogar, pero tamén hai novos inicios, como se fora unha espiral que non ten principio nin final. É un presente continuo, nas súas vidas agora hai paz, hai serenidade e morriña tamén. Botamos a vista atrás para traelas ao seu presente. Recollemos soños que anhelaban cando eran novas e que se cumpriu de todo aquilo?

### TERÍAME GUSTADO SER MÉDICA PERO NON O LOGREI

#### SOÑOS

Soñar con plantas e flores, cunha casa cómoda e ampla. Soñar cunha horta, cunha familia. Soñar con ter podido estudar máis.

Consuelo foi a primeira en falar, ben, en realidade en chancear. Esa actitude liviá acompañouna ao longo da súa vida e así o observamos nos encontros con ela.

*Con ter sido ricos. Consuelo*


Todas rin e toma a palabra a seguinte.

*Os meus soños eran ser feliz, ter algo de diñeiro, unha casa un pouquiño así acomodada e unha horta para min, poñer os meus legumes e as miñas flores e iso téño e teño moiiiiiitito que limpar campo arriba. A min encantábame soñar. Mari Carmen Villar*

*Cando estaba na casa dos meus pais non podía, tiña alí o meu xardinciño pequeno pero eu quería máis plantas e flores e non había onde poñelas porque había animais. Tiñamos diante un camiño cheo de lama que nos chegaba aos xeonllos. Naquela época todos os camiños estaban enlamados, así que ías polos carreiros, por aquí e por alí e eu botaba iso de menos. Pilar*

*Eu soñaba con que tiveramos unha casa máis grande pa que colleramos todos porque eramos seis, non había sitio pa poñer máis camas. Despois fumos pa Senra e si, parece que as habitacións eran máis e dormiamos as nenas xuntas. Despois compraron meus pais unha casa e tamén casei e merquei a miña e moi ben. Carmen Doce*

*Eu creo que non tiñamos moitas ambicións, (todas á vez: "non, non") eu nunca tiven moitos soños, non fun unha nena que desexase moito, fun bastante conforme. Tampouco son unha persoa de dicir que mala vida tiven. Quería ser modista ou perruqueira. O de modista gustábame moito, aprendín con Josefa, unha veciña e logo aprendín corte en Ferrol. Logo aquí como non había moito traballo e na casa había unha modista fun traballar a Casa de Peteiro dous anos. Estiven de camareira os días de feira nos restaurantes e logo funme pa fóra. E cando vin pois dediqueime a coser.*





*Vinme xa pa casar e xa tiven a miña vida. Foi unha vida tranquila e feliz. Carmen Martínez*

*Seguimos escoitándoas, é difícil resumir unha vida enteira. Outras como Cañi e Carmen Rey subliñan o seu anhelos de non ter podido cursar unha educación superior. Gustaríalles ter estudado máis.*

*Eu, os meus soños, eu creo que os fun cumprindo case todos. Sempre soñei con ter fillos, con casar. teño a miña horta, as miñas flores.Vimos a bolillos e pasámolo pipa. A min gustaríame ter estudado máis. Cañi*

*A min sempre me gustou moito a medicina, gustaríame ter sido médica pero non o logrei pero cando me fun pa Suíza si fixen un curso para poder dar inxeccións, coller tensión, valeume para traballar diso. Logo o meu fillo cando era pequeniño preguntábanlle en Suíza que ía ser de maior e el dicía médico. Eu coa alegría máis grande, dixeron "herdoume", pero veu pa aquí e cambiou de idea. A nena é psicóloga, queiras ou non queiras algo de medicina tivo que estudar. Digo que un pouco se me cumpriu ese desexo non pola miña parte (... )e de ter unha vida tranquila foi o que desexei sempre, non a tiven ata agora, agora podo dicir que si, que me atopo desafogada.*

*Eu son feliz agora onde estou, coa miña casiña. Ttraballo pouco, traballei moito máis, gústame o meu xardín, plantar as miñas cousas, a miña ensaladiña, a miña verduriña, o meu galiñeiro. Non podo vivir sen iso, o día que deixe de facelo a min acábaseme a vida. E logo veño por aquí (ao escolar) e feliz. Carmen Rey*

## **UNHA MULLER SUFRIDORA, TRANQUILA, UNHA MULLER QUE TIVO UNHAS COSTAS QUE LLE FORON AGUANTANDO TODO E POUCO MÁIS**

### **O AUTORRECOÑECIMENTO**

*Rescatamos algunhas das palabras do día no que nos coñecemos. Nesa primeira sesión pedímoslles que se presentaran dicindo o seu nome e unha calidade que as definira. Foi todo un reto! A súa humildade e a súa tendencia a quitarse importancia impedíannos facer visibles as súas múltiples virtudes.*

*Elas non están acostumadas a recoñecerse e a que as recoñezan. Moitas cóntannos por exemplo que o mellor delas son os outros. As súas fillas e fillos, os seus maridos, etc. Son mulleres dunha xeración concreta, viviron sendo, como di Marcela Lagarde, "seres para outros" e é difícil desprenderse diso. As súas identidades femininas construíronse a través da mirada allea. Son o que os demais pensan que son e son en relación ao resto: nai, esposa, filla. Nestes encontros con elas pretendemos que se pensasen en un "ser para si", para elas mesmas.*

*O mellor é ter á miña familia todas as fines de semana. O que máis me gusta de min é todo. Eu son feliz como son co meu xenio, co meu todo, eu non me cambio por nada. Eu agora acéptome e iso xa é outra cousa. Carmen Rey*

*Son de San Claudio da Rocha, atópome mellor que cando tiña cincuenta anos, estou orgullosa da convivencia que*

teño con toda a miña xente, a miña familia e os meus amigos e as miñas amigas, e portarme o mellor que poida. (Contou a historia da súa vida e despois continúa e afirma) Por iso eu digo que agora estou máis feliz que cando era pa ser feliz. **Fina**

O resto zarandeouna para que soltara a pena, déronlle ánimos, dixéronlle "pasa páxina", "agora vas aos bailes". A sororidade que se percibe entre elas foi unha característica que observamos dende o principio en San Claudio. É esperanzador que aínda permaneza ese sentimento de loita, defensa e apoio mutuo feminino a pesar de que as oportunidades para que se produza son as menos. É necesario entender a dispersión poboacional nestas zonas. Elas como moitas outras mulleres do rural galego viven lonxe as unhas das outras.

O recoñecemento continúa dalgún xeito nos seus testemuños. Reflexionan sobre o que lles preguntamos.

No medio do malo que tiven, agora é unha satisfacción, estou feliz. Véxoos a eles (aos seus fillos) tan felices. Estando eles felices xa sabes que unha nai tamén o está. Estou a vivir o que antes non vivín. **Fina**

A todas nos pasa o mesmo, segue para adiante e o de atrás déixao correr. **Todas**

Gústame que son moi activa, que estou como unha moto, que non paro en todo o día e é o que me satisfai máis. **Pilar**

De min, do que estou contenta é dos meus anos, que me gusta ser unha persoa sincera e facer o ben que podo. **Carmen Martínez**

Gústame de min que estou moi ben cos meus fillos, teño un marido traballador, fago bolillos, aprendín a coser, despois funme ao estranxeiro cando tiña dezanove anos, a Francia. **Carmen Doce**

Que queres que che diga, pois a min gústame moito que onde estou eu que non falte a alegría, gústarme cantar, gústame divertirme, a min gústame compartir alegría.

**Cañi**

Unha das voces que máis se oe é a de Pura. Ela é unha muller contestataria, pouco abnegada. Recoñécese como loitadora. A súa forma de estar, os seus xestos encóllennos, as dificultades que viviu albíscanse en cada poro da súa pel.

Sufridora máis ben, vou dicir así. Unha muller sufridora, tranquila, unha muller que tivo unhas costas que lle foron aguantando todo e un pouco máis. Bueno e que teño máis defectos que virtudes pero(...) pouco conforme. O que é moi triste agora é chegar a vello e punto. Ninguén pode opinar polo que non viviu. **Pura**

**VOU AO BAILE TODOS OS DOMINGOS, VAN PARELLAS, BAILAMOS SOLTAS, TES AMIGAS E AMIGOS. E ESTOU ENGANCHADA Á SOPA DE LETRAS**

**UN DÍA DA SÚA VIDA**

As súas biografías pasaron por momentos moi complicados, con todo, parece que agora, a pesar de botar de menos aos seus seres queridos viven coa

tranquilidade instalada no corpo.

Elas souberon gozar do pequeno, para iso si son unhas mestras! Moitas seguen coidando, ás súas netas e netos, aos seus animais, ás súas nais e pais, tíos, tías, non obstante, a maioría andan máis lixeiras pola vida. Sen ter que demostrar nada, sen madrugar, sen cargas difíciles de conciliar. O seu mellor tratamento para manterse activas e positivas adoita ser pasear, labrar a súa horta e reencontrarse.

*A miña vida agora é moi boa, vivo co meu marido, teño unha horta enorme, dou de comer ás galiñas, imos camiñar, traballamos na horta, fago a casa, bolillos.*  
**Pilar**

*Levo unha vida moi tranquila, coido a horta, fago as miñas plantas da casa, cociño, recollo a casa, camiño, vou á misa, só os domingos. Ás veces cando teño traballo vou atender aos meus clientes, vou polas casas para facer limpeza de cutis, iso descánsame, fixen un curso para aprender. Fixen moitas amizades a través disto.*  
**Carmen Martínez**

*Eu vivo coa miña filla, o marido e un fillo, ando un pouco, fago a comida, vexo a tele e saio de paseo.*  
**Consuelo**

*Limpo a casa, traballo na horta, coas miñas plantas, vexo a tele, cociño, paseo.*  
**Mari Carmen Villar**

*Vexo aos meus gatiños, dou para comer ás galiñas, gatos, cans, porcos. Fago a casa, a comida, recollo, dou un paseo, fago bolillos, estou coa miña nai.*  
**Cañi**

Entre relato e relato observamos a Fina que comeza a sorrirse. Fala. O seu ton é enérxico e irreverente, impregna de picardía a cafetería na que nos encontrábamos sentadas, rodeadas de cafés e dalgunha que outra cervexa. Ela soubo reconstruírse. Volveu a ser.

*Agora fago pouca cousa, agora non madrugo, a miña filla fai a comida, frega, eu non fago case nada. Vou á misa todos os días, vou camiñar, estou encantada. Vou ao baile todos os domingos, van parellas, bailamos soltas, tes amigas e amigos. E estou enganchada á sopa de letras.*  
**Fina**

Fan o que poden para verse, tampouco queren molestar. Fálannos de todos eses días que se reúnen, que falan, que pasan xuntas.

*Hai tres anos que empezamos a xuntarnos aquí no escolar, antes non tiñamos un espazo propio.*  
**Todas**

*Saes da casa, se non nos gustase non viriamos.*  
**Todas**

*Hai días que non falo con ningún veciño en todo o día, é unha pena. Isto (referíndose ás sesións connosco) é unha maneira de falar coa xente.*  
**Carmen Martínez**

Charlar, pintar, bailar, facer bolillos, cantar, contar. Elas son habilidosas e gústalles vivir a vida. Con todo, durante as sesións que tivemos con elas detectamos por momentos a sombra da soidade. Cando non hai actividades organizadas polo Concello empobrécese o seu nivel de ocio e encontro. Un sorriso, unha aperta, algún conto. Unha conversa. Escolitándoas faise máis presente a necesidade de sostemento e continuidade de

programas coma este de dinamización comunitaria. Elas merecéno, loitaron e contribuíron ao desenvolvemento da súas parroquias.

Temos a oportunidade de ofrecerlles espazos para que poidan manter os seus lazos vivos e nos que se lles permita ser elas mesmas. Con esta publicación está aberta unha fenda para dar un lugar a esas "voces de muller", ás súas historias de vida que, indubidablemente, forman parte da esencia da etnografía e a memoria de San Claudio.



# ÍNDICE

|                                                                                                                                                             |    |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| SAÚDO DO ALCALDE .....                                                                                                                                      | 7  |
| CAPÍTULO 1. O PROXECTO .....                                                                                                                                | 9  |
| A ORIXE .....                                                                                                                                               | 9  |
| CAPÍTULO 2. O ENCONTRO .....                                                                                                                                | 11 |
| CAPÍTULO 3. O LUGAR .....                                                                                                                                   | 13 |
| EU VOUME AO ALTO DA MIÑA LEIRA E PÓÑOME A MIRAR A RÍA E CÁEME A BABA, É QUE NON HAI SITIO MÁIS BONITO...                                                    | 13 |
| CAPÍTULO 4. A INFANCIA .....                                                                                                                                | 17 |
| SE VOS ACORDADES DOUTROS TEMPOS NON ERAN MALOS, ERAN MALÍSIMOS SOBRE TODO HABENDO SEIS FILLOS E POCOS RECURSOS .....                                        | 17 |
| MIÑA NAI MARCABA O BOLO CUNHA RAIA PARA QUE NON FORAMOS AO PAN .....                                                                                        | 21 |
| HAI ROUPAS TENDIDAS .....                                                                                                                                   | 23 |
| AOS DOCE SACÁRONME PORQUE TIÑA QUE IR APRENDER COSER PORQUE DESPOIS DICÍAN QUE EMPEZABA A PENSAR NOS MOZOS E XA NON ÍA APRENDER A COSER .....               | 24 |
| CAPÍTULO 5. XUVENTUDE E VIDA ADULTA .....                                                                                                                   | 29 |
| SE AS BÁGOAS QUE BOTEI EN VENEZUELA AS TEÑO HOXE NUNHA BAÑEIRA SOBRA AUGA PARA BAÑARSE .....                                                                | 29 |
| AS MULLERES, CANDO ACABABAN DE TRABALLAR FÓRA, VIÑAN Á CASA A FREGAR, A LIMPAR, A PREPARAR A CEA.....                                                       | 33 |
| VÉMONOS PARA A FEIRA.....                                                                                                                                   | 36 |
| A XUVENTUDE E OS NENOS XUNTÁBAMONOS NUN SITIO QUE SE CHAMABA A CASILLA TODA A TARDE, DESPOIS VIÑAN OS MOZOS E VIÑAN DE TRABALLAR, ALÍ PASÁBAMOLO PIPA ..... | 38 |
| MIÑA NAI SEMPRE NOS DICÍA "NUNCA LLE DES A UN MOZO UN BESO NA BOCA PORQUE ATRÁS DO BESO VÉN O DEMAIS" E QUE É O DEMAIS? .....                               | 40 |
| SE NOS TIVERAN DEIXADO, QUEN SABE O INTELIXENTES QUE SERIAMOS .....                                                                                         | 44 |
| CAPÍTULO 6. OS SEUS AGORAS .....                                                                                                                            | 49 |
| TERÍAME GUSTADO SER MÉDICA PERO NON O LOGREI .....                                                                                                          | 49 |
| UNHA MULLER SUFRIDORA, TRANQUILA, UNHA MULLER QUE TIVO UNHAS COSTAS QUE LLE FORON AGUANTANDO TODO E UN MÁIS .....                                           | 51 |
| VOU AO BAILE TODOS OS DOMINGOS, VAN PARELLAS, BAILAMOS SOLTAS, TES AMIGAS E AMIGOS. E ESTOU ENCHANCHADA Á SOPA DE LETRAS .....                              | 52 |

